PREMIO 2025 DE POESÍA RELATO E TRADUCIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

XUNTA DE GALICIA
Universidade de Vigo
XERAIS

1.ª edición: outubro de 2025

Editan:
Xunta de Galicia,
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,
Secretaría Xeral da Lingua;
Universidade de Vigo,
Área de Normalización Lingüística;
Edicións Xerais de Galicia

Ilustración da cuberta: Miranda García

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que establece penas de prisión e/ou multas, ademais das correspondentes indemnizacións por danos e prexuízos, para quen reproduza, plaxie, distribúa ou comunique publicamente, en todo ou en parte, unha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte.

© Universidade de Vigo e os autores/as dos textos, 2025
© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2025
Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo
http://www.xerais.gal

PAPEL DE FIBRA CERTIFICADA

ISBN: 978-84-1110-730-3
Depósito legal: VG 408-2025
Impreso en España - Printed in Spain

Premio 2025
de poesía, relato e tradución da Universidade de Vigo

XUNTA DE GALICIA Universidade de Vigo XERAIS

Limiar

Co motivo da celebración do Día das Letras Galegas, a Universidade de Vigo renova o seu compromiso coa promoción da lingua e cultura galegas a través desta convocatoria literaria que constitúe un referente consolidado da vida universitaria. Nunha andaina de case tres décadas, os premios literarios da Universidade de Vigo chegan á súa 29.ª edición, mantendo viva unha iniciativa que comezou no curso académico 1996/1997. Dende entón, ano tras ano, os Premios de relato, poesía e tradución literaria da Universidade de Vigo continúan reafirmándose como unha celebración única da creatividade literaria en lingua galega.

A idea orixinal que naquel curso conduciu á creación destes premios pode ser revisitada no limiar con que Antonio Rodríguez Vázquez, o segundo reitor da nosa universidade, prologou a publicación do primeiro volume dos textos galardoados en 1997:

> A Universidade non soamente non pode ser allea ós eventos do seu contorno, senón que ten que potencialos e mesmo vivilos con entusiasmo. Non podemos esquecer que calquera universidade representa e engloba o sector máis

> vivo e creador de cada comunidade… A Universidade de Vigo que quere desenvolver toda a súa actividade nun marco de fidelidade á súa terra… convocou un concurso de Premios de Poesía e de Relato Curto, que tanto en calidade como en participación superaron as previsións máis optimistas.

Con bo criterio, o que comezou sendo un premio só de poesía e relato, co fin de incentivar a creatividade en galego, ensaiou rapidamente a incorporación doutras categorías e modalidades igualmente merecedoras de seren recoñecidas: probouse primeiro co teatro e logo co ensaio e a banda deseñada sen moito éxito, mais, o que si chegou para quedar foi un outro galardón relacionado cos estudos que a nosa universidade ofrece, o destinado a premiar a comunicación profesional da lingua e cultura propias con outras a través da tradución.

O protocolo do que son os nosos premios literarios expresa sen ambaxes o compromiso decidido coa visibilidade que se quere para a lingua galega manifestándose en cada detalle do proceso: desde o perfeccionamento que se perseguiu nas bases da convocatoria e na organización do certame ata a selección das obras gañadoras, levada a cabo por un xurado que combina profesorado da nosa universidade especialista en distintas linguas con persoas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura.

A consolidación e popularidade de que hoxe gozan son froito da conxunción de varios elementos: o potencial creativo de estudantes que curiosamente resultan ser de moi diversos graos, a vontade institucional sostida polos sucesivos mandatos reitorais, e o empeño perseverante dos varios responsables e técnicas da Área de Normalización Lingüística, que creron na iniciativa e coidaron dela como instrumento válido e efectivo no fortalecemento da lingua e da identidade galega da universidade.

O presente volume, no ronsel dos 28 anteriores, recolle as achegas dunha nova xeración de escritores/as e tradutores/as que asumiron o reto de crear desde a riqueza da nosa lingua e de traer para ela e recrear lingüisticamente o bo doutras linguas. O que aquí entregamos non é soamente unha mostra de excelencia literaria e de coidada edición, incluído un novo deseño; é, sen dúbida, o reflexo da vitalidade da lingua galega como ferramenta de expresión cultural e científica, apta para tratar temas contemporáneos con fondura e orixinalidade.

A colaboración institucional, baseada na sinerxía entre a Universidade de Vigo, a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e recentes incorporacións como a Fundación Rosalía de Castro permitiu ata esta edición manter vivo e vizoso a continuidade do proxecto, asegurando a incentivación do estudantado, profesorado e persoal da administración nunha dinámica de creación, expresión e crítica literarias dignas de eloxio. Nas últimas edicións Anxo Angueira, como presidente da fundación citada, ten participado no meu nome, como anfitrión e presidente do xurado en Padrón, na que foi a derradeira morada de Rosalía e hoxe sede da fundación.

A resposta positiva á convocatoria e a calidade dos textos premiados avalada desde os inicios por Edicións Xerais, unha das máis prestixiosas editoras galegas, evidencian o arraigamento deste certame na comunidade universitaria e o xenuíno interese que pode suscitar entre os potenciais autores e autoras que sintan a chamada da inspiración poética ou narrativa. Cada texto publicado é en por si unha pequena peza do rico e colorido mosaico literario en lingua galega que se foi constituíndo ininterrompidamente todos estes anos. Visto en perspectiva, os textos destacados polos lectores e lectoras críticos dos sucesivos xurados dan fe da evolución dos gustos e sensibilidades do pasado recente e da identidade

propia e diversa que queremos preservar e proxectar cara ao futuro.

Este ano, coma en edicións anteriores, a chamada á celebración da Real Academia Galega rendeu homenaxe á nosa tradición literaria. Nesta ocasión, coa novidade de concentrar a atención non nun autor ou autora ilustre das nosas letras, senón na vinculación entre música e literatura oral na figura simbólica das «cantareiras». Poñendo en valor unha parte lúdica, esencial da nosa cultura popular, a que tiña lugar nas foliadas, rodas e festas parroquiais, a academia quixo celebrar un suxeito feminino e colectivo personalizado en sete mulleres: Adolfina Casás, Rosa Casás, Eva Castiñeira, Teresa García Prieto, Asunción Garrido, Prudencia Garrido e Manuela Lema. Con esa escolla, quíxose valorizar o que de dignidade e de autenticidade houbo na historia cotiá das mulleres do rural, e poñer de relevo a importancia da socialización da súa tradición musical e lingüística felizmente incorporada á vida moderna da Galicia urbana.

O acto de entrega dos premios, organizado no campus de Pontevedra e conducido pola vicerreitora Susana Reboreda, contou cunha excelente acollida e serviu como espazo de encontro entre a comunidade universitaria e autoridades da sociedade civil galega. O evento, que tivo lugar na Facultade de Comunicación, distinguida este ano pola universidade como exemplar no seu afán galeguizador, non só foi emocionante pola presenza das autoras premiadas que recibiron os galardóns, senón vistoso e ameno porque incluíu, ademais de personalidades coñecidas, un entretido programa que contou coa colaboración do grupo de música tradicional do campus e a actuación do trío de cantareiras As Sarandilleiras. Puxo o peche de ouro a publicista e creadora de contidos Nuria Grandío, como encargada de conversar co cantante, músico e compositor hoxe máis carismático da musica tradicional, Xabier Díaz.

Con todo isto, os mellores froitos da convocatoria deste ano seguro que van ser os textos que aquí se publican, despois de que un xurado duplo de literatura creativa e de tradución xulgasen os seus méritos anonimamente. Dos sete textos premiados este ano, que seis resultasen ser de autoría feminina é un bo sinal dos cambios que se están dando na universidade e no mundo actual. Na primeira edición de hai 29 anos os números eran á inversa: as persoas premiadas foran seis homes e só dúas mulleres. Quero deixar constancia aquí das miñas felicitacións ás autoras e ao autor premiados: Alba Guzmán Falcón, Niobe Alonso Iglesias, Andrés Rivas Rodís, Elena Pazos Linares, Susana Oliveira Hermo e Sabela Morais Martínez.

A acollida excepcional que continúa tendo entre a comunidade universitaria e o feito de que o xurado tivese que debater entre un número considerable de manuscritos anónimos dan testemuño dunha cultura viva e dinámica. Asemade, son a mellor demostración da capacidade creativa e imaxinativa que vive entre nós e da capacidade da nosa lingua para integrar o mellor doutras linguas e culturas. É a nosa vontade, coa publicación desta obra colectiva, seguir contribuíndo ao arrequecemento do corpus literario galego, promovendo tanto a creación coma a tradución. O sólido estilo académico da tradutora do discurso de Madame Curie, que resultou ser unha investigadora predoutoral, dá fe da competencia científica, literaria e lingüística da nosa universidade.

Queremos que estes premios sigan sendo un espazo fundamental para poñer en valor o talento creativo da nosa comunidade universitaria, e que a conciencia desta realidade nos axude a comprometernos na normalización da lingua galega en todos os ámbitos do saber e da vida cotiá. Renovamos o noso apoio á creación en galego e a estes premios como forma privilexiada de recoñecemento e proxección da nosa imaxinación literaria. Animamos

a todo o mundo a participar en vindeiras edicións achegando novos temas e problemáticas que enriquezan o noso acervo cultural; convidamos á lectura das obras premiadas, convencidos de que serán fonte de pracer estético e de reflexión para quen se mergulle nas súas páxinas.

Estamos seguros de que a creatividade amosada todos estes anos na poesía, relatos e traducións premiadas avalan estes premios como espazo de expresión para as futuras xeracións de creadores e creadoras. Que continúen creando en galego é o noso maior desexo!

MANUEL REIGOSA ROGER
Reitor da Universidade de Vigo

Composición do xurado

O xurado dos premios de poesía, relato curto e tradución da Universidade de Vigo 2025 estivo composto por Anxo Angueira Viturro como presidente por delegación do reitor, Francisco Alonso Villaverde, Fabio Rivas, Rexina Vega, Joan Miquel-Verges, Alberto Álvarez Lugrís, Liliana Valado Fernández, Béatrice Pépin e Benigno Fernández Salgado como secretario con voz pero sen voto.

poesía

TRAES FENDAS NOS MEUS FIGOS

Elena Pazos Linares

Primeiro premio

No Antigo Exipto empregábase unha técnica especial para acelerar a maduración dos tan prezados figos do sicómoro. Cun coitelo específico para a ocasión e nunha exhibición de forza e axilidade, gabeaban ata os froitos, nos que practicaban cortes ou furados antes de deixalos a almacenar. Resulta doado explicar hoxe, sen recorrer á mitoloxía, este procedemento. As lesións son un desencadeante para a liberación de etileno, unha fitohormona relacionada co madurecer dalgúns froitos climatéricos. Daquela, fitohormonas ou etileno eran probablemente palabras descoñecidas, pero si contaban cun concepto universal: as feridas forzan a maduración.

XANEIRO [40 versos]

a hedra medrando desgobernada
quedan restos non abondan case
onde van os fíos da vida?

as casas, tan sucias comestas de silvas
pardais amarotes
NON LLE DAR DE COMER Á RUÍNA

deixade unha persiana subida
se cadra un neto forasteiro sequera
é quen de mirar
como morre o espanto:
[só de lonxe]

á falla de público quédanos silencio
resultados
un museo de xeografías
asentos vencidos *Deputación de Ourense*
manteis bordados de amor e humidade

medra o balor ata medra arrasando
aquela loita pola beleza
perecedoira
ninguén pode xa amarse entre estes muros
que protexen /deficientes/ do desastre

chove no alpendre no salón
en vestidos de voda
chove na cama vencida os libros podres
nas cortes nas sabas no medo
na dor

deixarán cinsas
os amigos a derrota
os partos na casa
as frieiras a educación
o mar os contos lambendo as vivendas
as historias de amor
sen testemuñas vixentes
a toponimia derramada
as gargalladas o viño
verquido nos soutos o berro
dos animais mortos a cada ciclo
tampouco tan distintos

canto haberá estercar a terra
todo este silencio?

[FEBREIRO/MARZO/ABRIL] [PODA. AGROMO] [32 versos]

O paso do tempo non se pode amosar na ficción,
o que se amosa na ficción son os cambios
Berta Dávila

foi Moisés obrando de balde
quen pariu o regato que cicatriza
o canto traseiro das leiras
dende a ferida negra da terra
fítanos o sangue transparente

ao baixaren as mans da miña avoa
fenden o frío as unllas
na arteria apurada
pasa por todos deixarémoslle algo?
a aldea enteira lambida de sempre

foron os anos
cirurxiáns
distribuidores de auga capilárica
marcapasos calibrado
de amor e memoria?

haberá aínda sístoles
nos regatos de todos
os veciños inhabitados

quedarán litros correndo
co cantar dos carros
inzados de xabón
os abortos bautizados
de gripes infames

a voz tremente da Alicia
a carón da ameixeira en flor
a cama feita cuberta de po
os pratos do xantar acumulando frío

bañareime un día no Asma
pasaranme os pasados polas coxas

morrerá algún día este regato –habitante último

a aldea vomitada
toda de esquecemento

[XULLO. VERÁN] [2 VERSOS]

deica a morte, todo é vida
até a morte, todo é vida

[SETEMBRO. SEGUNDA COLLEITA] [60 VERSOS] VALER A VIDA

chatiña. isto váleche a vida

hei de facer un poema
grande abondo para que nel collan
as primaveras todas
detidas na néboa compartida
da nosa memoria

as maos bicadas polo sol
termando de min á saída do cole
mil bocadillos en papel albal
antes de lle ter
pánico á merenda

as palabras das que 58 anos
nos limitan a custodia
imantadas na neveira
despois desta expedición
[a *morica* das patacas
o *feed* de *instagram*]

fecho coplas botadas
na complicidade fráxil
ao raio verde da sobremesa
só escoitabamos nós

hei de facer un poema
largo de máis excesivo máximo
que nel queden a vivir

sen rebeldías
as tardes aburridas
que me ensinaches a pintar

mans voandeiras
debullando chícharos
as primeiras veces
que che falei de amor

trenzas peiteadas
no espello do baño azul
a primeira vez que soñei
con adelgazar

compito contra o tempo
o orballo a urxencia
lévoche nun bolso *baguette*
a primeira luz do abrente
os sofás nos que vías comigo
a peli de *Bichos* en DVD
a cociña na que en xoves –novembro
me aprendiches a escoitar
canta fariña pide
esta a miña masa

neste poema tan grande
que fomos fiando
xuntiñas á memoria
nunca deixamos oco, avoa
para o medo a ausencia
a distancia a dor

neste xardín rego aínda as túas roseiras
falo contigo sentadas na pedra
do banco da solaina
a expensas do carrizo
acubillo coma unha mai
as flores todas que me deches

plantei en lúa crecente
o amor e as bágoas

todas as miñas medras
pasaron por ti

PRIMEIRO BROTE

Susana Oliveira Hermo

Primeiro accésit

A miña Carmela,
por soportar, ser e estar.

ATMOSFERA:

1. Dead for you - Nawja Nimri
2. Fast car - Tracy Chapman
3. Soul meets body - Death Cab for Cutie
4. Freed from desire - Gala
5. Phantom of the opera - Iron Maiden
6. Best of you - Foo Fighters

Verte de novo
entre as rosas que deixei en Castrelos
retorcéndome por cazarnos.
Tremín tanto, tanto,
entre as rosas amarelas que deixei na fonte…

Deixeinas pensando que marchaba na morte,
eran coma un legado asustado.

Non digo que non tolease!
O día despois fun trasladada
vendo camións facendo luces
obviando a presenza.

Precisa a mente cada estrofa da canción
Reclinándose na túa gorxa inmortal,
espectáculo.

Minorar o pasado
aquel tan azul:
lévedo do meu ceo magnificado.
Encanto dos iniciais delirios;
na mente, un contar.

Aquel sen querer
sempre terá unha invención malvada.

Ti só puideches saber que quería ler
Indo a Samil, a xogar.
Alegre mais derrotada pola túa feira.
Sen sentido, crinte REAL
e, con todo o do mundo, envolvinte a crear.

Non preciso que me entendas
Tampouco que me atendas.
Imaxina só que hai algo certo,
doado, na esquizofrenia,
onde ata eu son posible.

Trocar os sentidos
unha vez mais outra
non é tan divertido como aparecín.

Músculo inVerso, transverso,
eu non quixen chorar tanto
unha razón para esquecer.

Era o momento. O momento:
aquel sorriso ilusorio
rompendo o desencanto que tiña
o momento.

Ti mais eu no silencio
e tantas cancións na memoria.

Devecendo nós,
enchendo o número oito convexo
vencemos a infamia épica
da folla liberada.

Soñar
sen
remos.

Unicamente me arrepinto de
limparme contigo
para afogar máis aínda.

Non nos custa
devecer
encapsulados no impar.

psicótico.

o

Vencer

Nunha rúa amarela
unha certeza absoluta
no esquecemento
habendo anos durmindo
agora espe(r)tei
facendo rap co meu historial médico.

Unha certeza absoluta
amarela
alborotando o meu bolígrafo azul celeste.

Agarrando o meu historial clínico,
cínico,
en tanto tezo outro destino.

Osmose da miña vida
dadora de dúbidas
anódinas.

Cando aínda era corda
os nós non esvaecían tanto
remexéndome coma un fío
dócil, aínda agreste.

Maimiños percorren o lenzo
erguéndome.

Tiña vendadas as ganas
intencionalmente.

Estaba mol o chan,
sendo un camiño máis a parir.

Lonxe de verte, carpín
ata ter os ollos en sangue e papel cebola
sentindo moito –ser– eu.

Dóenme as lembranzas
é certo só ás veces.

O realismo do vaivén.

Por iso tezo teas cheas de cores:
o vestido falador
na miña pel
unxida.

Lugares prezados na mente toleada.
Un sitio na historia
sempre delirante:
o camiño que me trocou.

Ñáñaras acougando
a mente enfermiza
máis leve.

Canto con tento
a pasada da pegada.

Renuncia dun corpo
no amar.

Agarimosa-mente encantada
conto contenta,

ollo o mol do amencer
na fiestra que me regou.

Agora gardo na garganta
imaxes delirantes dun futuro
repleto de amar(t)anto.

Cruz celta favorable
amencín poñendo unha máscara azul,
eléctrica.

Tanta cintura estreita,
calada,
lendo as palmas da man.

Romper lazos vermellos
ou querer atalos de máis.

Indecisión absurda
con aquel moito agarimo
ollando unha tola partir.

Que non me vin xa Emperatriz…
Era O Carro
tan campante das medias rotas
e o corazón aberto.

O número foi escuro, pero
verde abondo para velo.

Lingua púrpura,
alarma do meu estado.
Real:
as miñas coxas son minas
sinceras, escondidas.

A vez que te vexa de novo,
dantesco,
ollarasme viva.

CANTO

Andrés Rivas Rodís

Segundo accésit

Neste intre miña nai,
coma no fondo dos meus nomes
canto como todos cantan
mais ti cantar nunca puideches.

Coma cando rabuñabas na terra
coma alguén esquecido polas portas
pasaron sen ollar para Ninguén
sen volver máis nunca e de xeonllos.

Onde vas
Onde vas
        Onde v

                polas noites

Coas mans espreitando nesas noites
e o ventre que sangra
                move a terra

                terra aceda
                  terra aceda
                terra aceda
Case sen palabras
tres veces obrigada a repetir aqueles xestos
e no lombo de Ninguén escribiches coa lingua
aquilo que calou sempre a túa

                onte (alá no lume)

pois o chan esquece o que solta e polas veas da mañá
debuxaches un pescozo
estremecer é dicir de novo: tremendo de frío nas portas
para que alguén te crese
pechaches tremendo as contras para que non se visen os
vidros negros pola feluxe
naquela noite

doce intentos de vida
sangue no ventre
nas sabas no lombo
pegadas dun animal que
morrera había anos naquela corredoira

Preguntárache rumoreando como construír coas mans
unha corda
sen fío sen liño sen paus de vimbio
dixeches que a voz era un cabo e que debía trenzarse sen
fala
en silencio coma a morte

Mañá
xa non volverás do lume

Teciches unha manta cando nena sobre as pernas
Coma as tellas que curvaches case sen forza
E que tanta auga logo desviaron

A casa tiña por nome o de calquera
imitaba unha entraña da que
entraba
e saía fume
Auga que cae das tellas burato no chan
burato no chan

As túas mans formaban un oco e bebían daquela auga
O arco do teu lombo semellaba unha porta
ou o son que fan na terra os peixes
batidos polo aire

Terra aceda cuberta de cinza
tracei cos pés unha liña pola beira
ir e vir é outra forma de escritura
que non di nada pero deixa escrito
a cada pouco máis profundo
o noso sangue.

Morna a auga morna morna
e xa aqueles fíos caían a man caía polo teu lombo
terra feita un espello pola escuma
vinte quebrar os xeonllos virar as pálpebras

cantar de novo o canto dos teus mortos

ad´dâd o que se di pode volverse oposto
ad´dâd cando fixeches un oco na porta e espreitaches
ad´dâd a palabra é un recipiente o sangue é un regato

a palabra é un cántaro e constrúese a partir dun oco
arredor dun oco
en función
a través del
a un e a outro lado do silencio seremos os dous
a mesma voz
dixo Reb Sieris quebrando coas mans un vidro

hai entre as mans tamén un oco onde colocarse

onde deixar caer ou verter un líquido
mirarse nel como fan as follas e dicir: *mostrar algo é unha operación de ocultamento*
xa non volverás do lume

A ambos os dous lados das esquinas da morte seremos os dous nenos
despois dos cantos e do zumegar dos cristais no chan do paridoiro
as quitas das bestas zumegando baixo a terra
seremos os dous nenos coma cando ao abrigo daquela porta tremiamos
brancos coma as sabas do nacemento.

Nestes fíos de voz que se retorcen, xiran, xiran
e coma un carrusel ou espello
absorben e multiplican o teu xesto

Durante sete días
caía sobre as túas costas neve
coma dous millóns de ollos
apuntando as clavículas
coma nun refuxio de coellos
porque nada hai máis negro ca unha boca
porque nada nunha boca hai máis negro ca calar.

Eu dei incontables voltas
arredor dunha música,
coma un verme
dunha música pechada inservible
coma unha herba enferma ou unha man
que chantada no máis fondo vocifera inutilmente as túas letras
sete puntas

feitas raio
nesta noite.

Morte negra, rosada, amarela
ninguén veu pola noite para asexar aquel cabaliño de maceira
branco con tres flocos que semellaban dedos ou flores
que ao pasar correndo movía todo o corpo
Tournez, tournez, bons chevaux de bois
xirade, xirade, xirade,
aínda cando ninguén haxa

mañá (alá no lume)

ao son dos óboes
no altar escuro daquela luz

relato curto

PAGAR A MORTE

Alba Guzmán Falcón

Primeiro premio

—O teu avó non era crente, como moito un espectador casual nalgunha das misas dominicais co fin de non dar que falar entre os fregueses. Porén, leal ao seu ateísmo malentendido, sempre rezaba unha oración –a única que fora capaz de memorizar de cativo– nos intres en que a tristura lle afuracaba a alma, supoño que intentando atopar un vieiro máxico por onde fuxir da desesperación. Así era o meu Marcelino, un *chaíñas* que a miúdo acababa vencido por unha cruel realidade que lle facía baixar as orellas en demasiadas ocasións.

»Imaxino que o coitado aquela noite, unha das máis lóbregas da súa vida, tamén borboriñaría esa pregaria durante os minutos que turrou da soga para arrastrar o corpo do Torto ata o bordo da focha.

»Co paso dos días, coas bágoas intentando rebentar os diques da súa tamén malentendida virilidade, contoume el mesmo o seu sentir cando oficiou de enterrador naquela hora maldita. Seica estaba afundido pola perda, pero, asemade, aguilloado por unha cólera que lle proporcionou os azos necesarios para rematar aquela fúnebre tarefa. Non teño dúbida de que foi con esa ira incontrolada, co poder outorgado pola carraxe, coa que a súa aixada fendeu a terra que tantas veces asucara co Torto arrastrando o arado de pau.

»E nesa leira herdada dos seus devanceiros, na terra labrada que Marcelino e mais o macho regaran acotío coa súa suor, tamén foi onde cavou a sepultura para o seu malpocado compañeiro. Enterrouno axudado pola luzada da noite, emborrachado por ese lacerante silencio que, sen

pretendelo, acada agromar as lembranzas máis profundas incrustadas nos alicerces da memoria. É bastante probable que nese penoso momento retornase ao día que mercou o Torto na feira de Chantada, que asubiase outra vez a mesma melodía coa que unha noitiña, de bo aire, subiu polo carreiro do Laxial guiando o macho. Si, Anxo, estou totalmente convencida de que chorou a fío cando, pada a pada, cubriu con esa terra a órbita baleira do ollo dereito á cal lle debía o nome.

»Despois, coa cabeceira de coiro pendurada do ombreiro e a mágoa dobregándolle as costas, percorreu na escuridade o escaso quilómetro que hai dende o Carballo Grande ata o bar do Edelvino, o lugar onde quedara cos demais logo de contarlles o día anterior o que acontecera co macho. Pasaba da medianoite cando petou na porta da taberna temendo que marchasen, pero eles xa sabían que chegaría tarde, que enterrar o Torto ía levar varias horas. Case todos se ofreceran a botarlle unha man, polo menos acompañalo para que non se sentise só, pero o teu avó, máis testudo ca o Torto, rexeitou a axuda e o consolo. Despedir o seu amigo fiel, o animal que tanto lle dera a cambio de nada, era un asunto demasiado persoal para o cal non precisaba, nin desexaba, a ninguén ao seu carón.

—Como soubo o avó que morrera o macho? –a voz de Anxo quebrou o soliloquio de Carmiña, quizais intentando que o dial da memoria da anciá axustase o relato coa máxima precisión.

—Marcelino atopárao morto cando o foi recoller á tardiña. Estaba no mesmo sitio onde o deixara pacendo, atado cunha corda de cinco metros a un amieiro para impedir dese xeito que arrasase as hortas dos veciños. Ao principio, cando de lonxe o viu deitado, creu que estaba descansando, con aquela manía frecuente que tiña de estarricarse na lama e coa mirada perdida cavilando en vai ti saber que. Así e todo, segundo se foi achegando, a

inmobilidade do animal, as moscas suspendidas sobre as orellas e a visible inchazón do ventre indicaban que algo non ía ben. Pola cabeza pasoulle un ataque dos lobos, a mordida dunha víbora, un cólico… Vinte desafortunadas eventualidades máis ca pronto desbotou ao observar unha abundante escuma asomándolle do belfo. Deseguida sospeitou o que sucedera. Xa vira aqueles síntomas nos cans de Armando; xa escoitara o que diagnosticara o veterinario cando os estudou con calma; xa sabía o que o matara: veleno.

»O método empregado para intoxicar a París e Sultán, os dous cans de Armando, consistira nuns anacos de carne impregnada, probablemente, cun veleno similar ao que o macho bebera mesturado na auga do caldeiro que Marcelino deixara alí para que o animal apagase a sede. En realidade, coido eu, ao teu avó non lle importaba moito como se administrara a dose letal, senón quen o fixera.

»*Quen* tiña nome: Lisardo.

»*Quen*, coma todos en Loureiro, tamén tiña alcume: *o Chepa*s.

»E Lisardo, *o Chepas*, era un alumno avantaxado do demo, un home que só sabía odiar porque ninguén o amara nunca. Fillo de solteira e pai descoñecido, medrou afastado das brincas con outros rapaces na infancia, dos bailes nas verbenas coas mozas na súa xuventude e, dende logo, de calquera relación cordial cos seus coetáneos na idade adulta. Tamén é certo que o seu aspecto físico, nada agraciado, pouco lle axudou para integrarse no mundo dos comúns. Daba medo, e moito, cando te cruzabas con el nos camiños, cando te miraba de fronte con aqueles profundos ollos negros, case ausentes de iris, e semellaba un ladrón de almas. Pequecho, pero rexo coma a cerna dun carballo, camiñaba coas pernas escarranchadas sen que as súas pisadas fixesen o mínimo ruído, un monstro invisible acarroulando aquela xiba que ano tras ano aumentaba o

tamaño e que todos, entre risas finxidas, aseguraban que era o alxibe onde almacenaba a maldade. Non sei, Anxo, de tanto repetilo imaxino que todos acabamos crendo que aquilo era verdade porque, e disto non hai dúbida, o Chepas sempre foi un ser inmundo, un cazurro ruín privado do ben tal coma a escuridade está desposuída da luz.

—Cando comezou a manifestar esa maldade da que falas, avoa? –De novo Anxo mirou o reloxo e logo, con disimulo, apartou a vista cara á bolsa do mórfico paliativo. Nin o tempo nin as pingas do medicamento alteraron o seu ritmo, cavilou mentres escoitaba outra vez a Carmiña, aquela muller que aínda conservaba a linguaxe coidada de cando fora mestra e que, de modo sorprendente, abandonara a profesión para vivir a súa particular historia de amor co avó Marcelino.

—Sería difícil concretar cando empezou a dar mostras de toda esa ruindade. Quero crer que veu así ao mundo, que naceu con ela enxertada no sangue e que, día a día, a foi alimentando ata que esa mesma maldade, insaciable, o matou. Na súa nenez, cando tiña uns nove ou dez anos, ninguén tomou moi en serio as súas trasnadas. No fondo, o que facía Lisardo eran as típicas falcatruadas dos rapaces como, por exemplo, roubar froita ou escagallar os valados das viñas. Todo cambiou cando a Eudosia, –Deus a teña na gloria–, o cachou na cortiña do Chouso arrincándolle os allos e mais as cebolas que plantara uns días antes aproveitando a lúa crecente. A Eudosia, muller ruda onde as houbese, colleuno por unha orella e levoullo á nai. A moi desgraciada a modo de castigo, quen sabe se aproveitando a ocasión para vingarse por ter que parilo, deulle unha tremenda malleira diante da agraviada.

»Ata aquí non deixaba de ser unha leria máis das que acontecían en Loureiro, unha que daba, entre outros chismes, para pasar a tarde mentres lavabamos a roupa no tanque e confirmar a cotiandade da aldea. Porén, como

nada é eterno, esa tranquilidade rachárona os berros da Eudosia unha mañá na que a néboa lle puxera unha venda ao sol. Corremos cara á súa casa, talvez temendo un incendio ou outra desgraza, ata que a vimos axeonllada diante da figueira que daba sombra a un pequeno galpón. Permanecía inmóbil mirando o ceo, pasmada, pero por mor da bruma non adiviñabamos o motivo polo que estaba nesa posición. Achegámonos un pouco máis e entón si, entón ollamos os dous gatos da Eudosia colgados dunha póla, coas cuncas dos ollos baleiras e os rabos cortados pola metade. Non había probas, pero todos sabiamos quen fora o autor de semellante barrabasada. Ese día fomos conscientes de que Lisardo, amais de ruín, era un ser moi perigoso. A partir desa data a xente retirábase ao escurecer, evitaba os lugares solitarios e apartábase do camiño do *Chepas* sempre que o atopaba de fronte.

»Malia todas as precaucións iniciais, o tempo foi borrando a desconfianza e a memoria. Pronto nos dariamos conta do noso tremendo erro, en concreto cinco anos máis tarde, cando Dolores, a neta da Hermenesinda, non regresou á casa despois de ir apañar unhas castañas. A moza, de quince anos e muda de nacemento, vivía coa avoa dende que os seus pais feneceran nun accidente de autobús cando ela era moi pequecha. Todos os veciños saímos na súa busca, co receo na cabeza de que caese nun pozo ou que estivese malferida. Apareceu inconsciente dentro dun refuxio para as ovellas nas aforas da aldea, xa preto da medianoite, coa roupa esgazada e chea de sangue. Alguén a violara e todos sabiamos quen fora ese alguén. Hermenesinda chamou a Garda Civil e, apoiada por todos nós, interrogaron a Lisardo durante horas, mais non lograron nada debido á ausencia de probas e testemuñas. Talvez se Dolores o puidese identificar, ou sinalalo, todo cambiaría, pero a coitada estivo ingresada durante un mes no hospital e, por desgraza, quedou traumatizada. Nunca

máis, cando volveu para Loureiro, saíu da casa, e cando o fixo, cinco meses despois, foi para colgarse na figueira da Eudosia, alí onde apareceran os dous gatos aforcados. Tamén esa mañá a néboa, máis pecha do normal, envolvía outra vez o escenario dunha nova desgraza e por iso, supoño, tardamos en ver a pronunciada barriga da moza mentres oscilaba coma un péndulo no baleiro. Estaba preñada do demo, e a pobre, quero imaxinar, decidiu non traer ao mundo outro monstro. Pronto marchou con ela a Hermenesinda, outra vítima indirecta do *Chepas*, probablemente sentíndose culpable e incapaz de seguir vivindo con aquela pesada lousa chamada silencio.

»Pouco despois deste suceso tamén morreu Maruxa, a nai, sen que en verdade se coñecese a causa, aínda que todos pensamos nos gatos da Eudosia e na neta da Hermenesinda. Nin un só veciño, salvo o cura e o enterrador, foi ao funeral porque ninguén lle quería dar o pésame, apreixar aquela man maligna. Era distinto a nós, irascible e desconfiado, e esa diferenza reforzou a súa xenreira ata o punto de tolear. Supoño que no seu delirio, na loucura desa soidade, acordou que a súa dor só minguaría se acadaba aumentar o noso sufrimento.

—Por iso matou ao Torto? Para sufrir menos? –Anxo mirou de esguello, con certo escepticismo, cara ao monitor de constantes ao que estaba conectada a avoa. O estado da anciá empeorara nas últimas corenta e oito horas, ou polo menos iso indicaban os datos da pantalla dixital. Os parámetros da tensión arterial, a frecuencia cardíaca e a saturación de osíxeno non presaxiaban un final feliz a curto prazo.

Claro que, cavilou, a morte nunca significa o final sempre que as lembranzas perduren no tempo. Para iso estaba el alí, sentado na cadeira de brazos aos pés dunha cama hospitalaria, herdando as derradeiras confesións da muller que tantos colos lle dera de cativo. O único que

lle quedaba por saber era se aquela muller, diagnosticada de demencia senil dende había anos, contaba a verdade, unha media verdade ou, simplemente, todo aquilo non era outra cousa que os delirios dunha moribunda.

—Coido, querido Anxo, que Lisardo só era capaz de concibir a felicidade facendo o mal. Pero, por favor, non me interrompas, que dispoño de pouco tempo para andar regalándoo.

»Edelvino, o dono da cantina, pechou a porta con chave cando teu avó pasou dentro. Entre a penumbra, un inquedo luscofusco proxectado polas lapas da lareira, intuíu as figuras dos cinco homes sentados ao redor dunha mesa. Todos ergueron a vista dunha cunca de viño baleira, todos tiñan preguntas que facer, mais ninguén dixo nada.

»Marcelino sentou devagar, encheu a cunca e, cunha perceptible ansiedade, baleirouna dun só grolo. Naquel asunto todos, malia as súas diferenzas, debían estar unidos ata o final. Teu avó foi analizando, un por un, os motivos polos que estaban reunidos naquela desapracible noite. A Fernando, *o Chisco*, había seis meses que un lume intencionado lle queimara dúas hectáreas de piñeiral, nada menos que a previsión de fondos para pagar os estudos universitarios do fillo en Santiago; Serafín, *o Lerma*, perdera vinte galiñas e un capón porque alguén lle abrira de noite a porta do galiñeiro ao raposo; Manolo, *o Pena*, atopara machucada toda a colleita de tomates e pementos que logo vendía polas feiras da contorna; Armando, *o Pinche*, como xa che contei, descubrira sen vida a París e Sultán, os seus mellores cans de caza, envelenados segundo lle confirmou o veterinario; Edelvino, apoiado sobre o mostrador, dobraba uns anacos de papeis que logo metía pola boca dunha ola de barro mentres, cun xesto severo, calculaba nos cartos que deixara de gañar cando aquel desgraciado conseguira entrar na súa bodega e abrir a billa dun pipote con seis moios de viño branco.

—Falta un dos cinco homes sentados na mesa, non si? —preguntou un curioso Anxo, reparando no lapso da avoa.

—Si. Ismael, o irmán de Marcelino e polo tanto o meu cuñado, tamén estaba sentado nesa mesa. Había moitos anos que nin se saudaban entre eles dous, pero, repito, naquel asunto todos eran iguais e as diferenzas persoais debían quedar aparcadas. Os sete homes sabían que as súas pertenzas, o futuro da súa xente, estaban en perigo polos actos dunha mala persoa e que a culpa, no fondo, era deles por permitir espallar aquela maldade por toda a aldea. E Ismael tiña moitos motivos para estar naquela reunión, quizais o que máis, porque dúas semanas antes lle ardera a corte con sete ovellas dentro.

—Entón…

—Entón tomaron unha decisión drástica: asasinar a Lisardo. Porén, Anxo, matar sempre ten un prezo elevado que alguén debe pagar.

—Cóntame como se paga unha morte, avoa. —Anxo buscaba a continuidade da voz, o relato extenso que garantise unhas horas máis de vida daquela muller.

—Chegaremos a ese punto, non queda outra, pero antes debo continuar contándoche o que sucedeu aquela noite tal como o narrou o meu Marcelino. Edelvino depositou derriba da mesa a ola de barro e unha xerra chea de viño, reencheu outra vez as cuncas e sentou nun tallo ao lado dos demais. Nun cerimonial silencio os sete, sen un sinal predefinido, beberon ao mesmo tempo e deseguido, do máis vello ao máis novo, foron metendo a man na ola para sacar cadanseu papel dobrado. Nun deles o taberneiro trazara un X, a letra pola cal o caprichoso destino elixiría a persoa que debería acabar coa existencia de Lisardo, *o Chepas*. Seica non houbo xestos delatables do escollido, nin tampouco negativa manifesta para cumprir o capricho do azar.

»O único que dixo algo foi Armando, o máis vello do grupo, para lembrar a regra non escrita pero de obrigado cumprimento. *Hai que pagar a morte no caso de que a Garda Civil aprese, culpable ou non, a algún de nós. Nin muller, fillos ou animais do detido deben pasar necesidade ningunha mentres o acusado estea no cárcere*. E por terceira vez, antes de guindar os sete papeis ao lume da lareira, baleiraron a terceira cunca de viño para selar aquel pacto de morte.

»Para os outros seis homes non sei, mais a min non me custou nada, segundo entrou Marcelino na cociña, adiviñar a quen lle tocara a ingrata tarefa de asasinar a Lisardo. Teu avó, tan taciturno coma de costume, só me dixo tres palabras sen necesidade de preguntas: *Pagarán a morte*. E a continuación, sen erguer os ollos dos chancos, marchou para a cama.

»Si, os outros pagarían a morte do *Chepas*, a min e a túa nai non nos faltaría nada, pero… Quen pagaba a miña morte? Non, Anxo, non. Eu, ao contrario de hoxe, negueime a morrer daquela.

»Dous días despois Lisardo apareceu morto, deitado no lameiro da Fontiña coa cabeza degolada sobre o regato. A auga semellaba lavar a maldade do sangue que, naquel intre, escapaba corrente abaixo na procura dun lugar onde desaparecer. Ao enterro de Lisardo, como ao da súa nai, só asistiu o cura, o funerario e o seu pai adoptivo: o diaño.

—Pero, o avó non o matou…—Anxo avanzou na historia, temendo que Carmiña non chegase ao final.

—Ninguén mellor ca min sabía que Marcelino non sería quen de asasinalo, e ninguén mellor ca min sabía que o teu avó morrería avergoñado pola súa covardía. Pero el, discípulo notable do teimudo Torto, aceptara aquela proposta para formar parte dun plan homicida e demostrar así que era tan home coma eles.

—De quen naceu a idea de matar a Lisardo?

—Do Ismael, seu irmán. Aínda que a Marcelino non llo comunicou en persoa —lembra que non se falaban—, mandoulle recado polo taberneiro. No fondo era un reto, unha provocación intencionada para que amosase se posuía valor para matar, para defender a súa familia. E Marcelino aceptou o envite sen medir as consecuencias, supoño que calculando que a el non lle tocaría o papel co X marcado. O pobre descoñecía que o destino morre de risa cando xoga coa estatística.

—Entón, avoa, mataches ti a Lisardo? —Anxo buscou unha solución hipotética, afastada do desexable, pero lóxica ao saber que o avó non o fixera.

—Eu? Non, claro que non, Anxo. *O Chepas* era un home forte, violento e sempre alerta. As miñas forzas non daban para tanto, pero si a miña cabeza. Convencín a Ismael para que o matase el.

—Como o conseguiches? —volveu preguntar Anxo, aloulado ante a confesión da súa avoa.

Carmiña pechou por uns segundos os ollos. A partir de aí debía determinar por que camiños seguir a conversa, decidir a cantidade de segredos que levaría á sepultura e os que podía deixar na memoria de seu neto.

—Busqueino o día antes da morte do *Chepas*, cando vin que Marcelino xa non sabía por onde tirar. Estaba escanando na palleira, arrincando folla a folla de cada espiga, cando me escoitou chegar. Non fixo falla explicar nada. El tamén sabía que o papel marcado co X caera na man de Marcelino, non en van era seu irmán e coñecía ben as reaccións de Marcelino ante a adversidade. Recrimineille a actitude que tivera para involucralo en algo que a teu avó lle quedaba moi grande e, de xeonllos, apelei aos tempos nos que os dous xogaban na eira para suplicarlle que o liberase daquel pacto.

»Case non o cría cando aceptou, cando me deu unha aperta entre os seus poderosos brazos prometéndome

que o faría el por Marcelino. Emporiso o meu papel non remataba aí, Ismael necesitaba da miña colaboración para atraer o monstro ata o regato onde apareceu morto. Eu daquela era nova, o meu corpo aínda lucía firme e louzán, así que non me resultou moi difícil seducir o Lisardo. Cando me acheguei unha tardiña para falar con el desconfiou, como era de prever, pero deseguida a idea de quedar a soas coa muller do Marcelino borrou a palabra precaución do seu reducido dicionario.

»Nunca acudín á cita co Lisardo, o único que atopou alí foi a Ismael vestido co traxe da morte e cunha pesada marra nas mans coa que bateu, ao parecer en tres ocasións, na cabeza do *Chepas*.

»Por desgraza para o meu cuñado, a Garda Civil non tardou en achar na palleira, agochada entre as canas do millo, a marra homicida aínda manchada co sangue do Lisardo. Marcelino nunca sospeitou nada, marchou para o outro mundo crendo o que toda a aldea deu por seguro: que Ismael, o máis prexudicado de todos, non aceptara a decisión do azar e dominado polo odio decidira tomar a xustiza pola súa conta.

»Entrou no cárcere de Lugo e de alí saíu nunha caixa de piñeiro, ou iso lles contaron á muller e aos dous fillos, logo dunha liorta con outro recluso. Ao enterro, ademais do cura e do sepultureiro, fomos todos os veciños malia que ninguén chorou por el, a excepción da súa familia e o seu irmán Marcelino.

—E todos pagaron a morte de Lisardo, avoa?

—Sempre, ata que os fillos de Ismael foron adultos e marcharon para Barcelona. Si, Anxo, todos pagamos porque a morte non é de balde. Eu…

De súpeto Carmiña abriu os ollos e os monitores comezaron a pitar, a comunicar que Deus estaba acabando de escribir o epílogo daquela historia. A anciá virou a cabeza e, entre tebras, ollou como o seu neto saía correndo

do cuarto chamando por unha enfermeira. Non chegaría a tempo, como tampouco o tería ela para contar toda a verdade. De contar por que os dous irmáns se deixaran de falar cando Marcelino soubo que Ismael intentara abusar dela; de como a súa avoa foi a que máis pagou de todos a morte do *Chepas* cando aquela noitiña, no interior da palleira, permitiu que Ismael, como facía coas espigas, esfollara unha a unha as pezas de roupa que cubrían a súa pel para cobrar o seu sacrificio. E tampouco podería contarlle como tamén fora ela a que, baixo a sombra dun carballo, lle indicou ao sarxento da Garda Civil onde, talvez, estivesen o seu asasino e a arma homicida. Pero todo iso xa non importaba, cavilou antes de deixarse ir, porque ela era unha muller e as mulleres, as que aman, xamais miden os seus sacrificios.

A TARABELA DIEXÉTICA (I)

Niobe Alonso Iglesias

Primeiro accésit

Supoñamos que señora Esperanza vive dende hai oitenta e seis anos no Pombal. Alá naceu, alá se criou, alá casou e alá morrerá. O lugar pertence a San Salvador de Coruxo, unha das parroquias limítrofes de Vigo. Vindo de Coruxo de arriba, pasando o semáforo, tirando cara á dereita. Vindo de Coruxo de abaixo, polo camiño do médico, pasando o stop, tirando cara á esquerda. Vindo de Vigo, por Camposancos, pasando a autoescola, pasando a rotonda, antes do quiosco, á man dereita. Vindo de Nigrán, por Camposancos, pasando a igrexa, pasando o semáforo, pasando o camiño do médico, despois do quiosco, á man esquerda. Non che ten perda ningunha.

As señoritas das pombas non se conforman co vello pombal, nin máis faltaba, senón que aproveitan as confortables instalacións do faiado baldreo, furadiño en rectángulos, como lles gusta. Á esquerda do stop do camiño do médico, de vires de Coruxo de arriba. Ou á dereita, de vires de Coruxo de abaixo. Grises, mestizas e brancas, *beillan* a destempo entre os espazos nun tremelucente entrelazado.

Esperanza fai algo similar. Cando pode, e non cando lle peta, vai ata a parada do semáforo –a tres minutos andando, seis ao seu paso–, colle o 29, baixa na praza de América e agarda polo C1, do que se despide en Policarpo Sanz. Mentres o Vitrasa continúa o itinenario, cruza a rúa ao encontro do teatro –a dous minutos andando, catro ao seu paso–. Trocos felóns.

A obra que vira anunciada non renovara. Orde! Por querer aforrar dous duros. Pero estrean *A tarabela diexética (I)*.

Curioso título. Curioso. Pois os tres euros con vinte e seis céntimos do coche non van ser de baluto. Se ao final me vai compensar pedir o raio da tarxeta, verás. Unha entrada, neno, por favor. No patio de butacas. Si, ho. O raro é que estea a bo prezo, non te me trabuques. Xa pasaron as leiteiras, tamén che digo. Graciñas, como di miña neta Elvira. Tremenda eu, Macías? Tremenda eu? Non, señor. Supéraa!

Sétima fila, así dá gusto. Aínda que un tanto desviada. Foron finas as do lado. Saúda, muller, saúda. Ola. Ola. Que tal. Ponse, ponse! Boa tarde. Son Naia Beiró. Van vostedes asistir á representación do lance primeiro dunha peza teatral de creación propia, *A tarabela diexética*, que non por ser ficticia é menos certa. Espero que a sintan. *Mui* riquiña ela. Moi, dispensando, que se nos enfurruñan as súas xeitosas maxestades da… Ponse, ponse!

O inverno na Cañiza ten moi merecida a sona de acurtador dos días. O norte, non sen a neve como escolta, levaba xa tempo callando nos ósos das xentes do Porto, na parroquia de San Bartolomeu do Couto, ata o punto de tornar en carouxo o corazón máis quente.

El é Xan. Disque, se es un xan, es un home que cede ante o dominio de calquera, sobre todo o dunha muller. O Xan de *Follas novas* sábeo ben. Rosalía de Castro sábeo mellor aínda. Este Xan é ben parecido. Ben parecido no sentido de cuspidiño ao Xan rosaliano, non co significado de guapo. Guapo é por dentro, de aspecto está moi queimado. Ten trinta e dous anos. Leva dende os vinte e tres soportando no sétimo sacramento a dona. Soportar de verdade, xa que os golpes dela mallan con forza nel, e estes rematan co corpo dela enriba del, e as penas dela tamén recaen nel, ou os demos, que, neste caso, veñen a ser o mesmo.

A súa infancia foi complicada. O pai era bebedor. A nai, Madalena, prostituta. Xanciño, nunca sexas coma estes fillos do demo. El sandáballe os negróns, mais a pomada

ás veces soamente oculta, de aí que acabase a pobre fóra do sagrado, e por partida dobre.

Por ser, é moitas cousas. Entre elas, xornaleiro. Tanto traballar para que? Para andar ás agachadas cos cartos, para que non os gaste a señora, para quen vale máis un colar ca un bolo. Todo por Dina e Xosé. Tamén é pai, claro.

Algún día Xan liscará. Entón o malpocado pasará de ser un xan a ser un canalla. Ou un promiscuo, quen sabe. El, non o intrépido Ulises. E a súa Penélope non tecerá, debido a que nin sabe nin quere. Ou quizais si sabe. Pero, ai, como dea con outro! Xa o advertía a mal chamada choromiqueira, que apenas hai un atormentado entre mil que dan tormentos.

Aquel é Pedro. Seica o pedro é un embutido elaborado con tripa cabeira, a parte final do intestino groso, tamén chamada cagadeiro. San Martiño sábeo ben. Os matadores sábeno mellor aínda. Os porquiños non o saben tanto. Pedro é un algo así. Así sen máis. Ten cincuenta e tres anos. El si que está queimado, queimado por dentro. O puro e o viño fan estragos. É vinte e un anos máis vello ca Xan. Ben podería ser seu pai. Mesmo frecuentaba a casa de putas, concretamente a cama dunha, a da nai de Xan. O malpocado aborréceo. Normal, se é un fillo do demo.

A madre, Carme, morrera cando el era rapaz e do padre nada se soubera. O tío materno, por caridade, decidira acollelo. Non en calquera residencia, madía leva, senón na propia da defunta irmá, que tomou como súa, xunto coa parroquial. Carmiña! Ai, Carmiña! Cubre os ollos alá arriba! Os ollos, non as orellas. Nas casas do cura a nugalla curábase a golpe de cinto, conque levou moito. Moito. Negábase a mover un dedo. Para iso xa estaba María, a criada. Tirábase á raxeira e pasaba o día durmindo. Daquela o tío, ao volver da igrexa, ou de a saber onde, agarrábao polo cachazo, acercábao á pía e mergullábao

ata o fondo. En nome de Deus, quita o demo do corpo! Pois acabou por botalo. A Pedro, non ao demo.

No lugar chámano o Besta. A súa exclusiva compaña é a navalla do peto do pantalón. Non lle rende contas a ninguén. Nin o pelo se lle ve por veces. Por riba, non precisa traballar. Toma o que quere e cando quere. Deixas os cartos e sacas a merda, empezando por ti. A súa áspera voz basta. O tacto frío da ferramenta é un simple complemento.

Endexamais cismarán que ía onda a finada para a aloumiñar, non para a forzar. Que a quería, a ela e, por conseguinte, a Xan. Que provocaba o párroco para que as pagase con el e non coa virxe dolorosa, preñada de segunda volta. Que percorre as freguesías apañando lixo e despoxos. Que ameaza os violadores, facéndose pasar por un depravado maior, cuxos cartos van para as violadas e os seus cativiños. Que coida dos que non poden aspirar ao sagrado, por teren sen remedio as almas condenadas, coma el. O seu personaxe funciona porque é o Besta. E seguirao a ser. A Pedro comérono. Que lles preste.

Viñera a noite un par de horas antes de Xan deitar os nenos. A venturosa optara por se estarricar na cama á tardiña, e aí seguía. Un intre de paz. Lixeiro, pero ben quedo, saíu da casoupa en dirección ao río. A cea chuzáraa na zamarra, un mero anaco de broa capaz de conter a gloria eterna. Beizóns a Milagres, a terceira filla de María, a única que non fora morta no ventre.

As folerpas íano mollando devagar, mais tanto tiña. Gozaba sentindo a friaxe no corpo, principalmente nas meixelas e no nariz. Aliviábao, como noutrora teimara en facer el mesmo coa nai. Así as mazaduras finxían doer menos, as visibles e as que non. Oxalá non, non desta forma. Se cadra, na vindeira vida.

A vexetación do carreiro espallábase con preguiza chegado o termo deste. Ao malpocado recibiuno unha

orquestra natural arrombada polo canto da curuxa e o rumor do Ribadil. Nas súas augas asomaba a imaxe da lúa temesiña por entre as nubes. O Besta descansaba as pernas na outra marxe, mesturando o fume do puro cos seus bafos. Perdón. Xa me ía. Non aguantaba a súa presenza. Agarda. Polo en canto non me amolas. Será pailán.

Xan sentou en fronte del. O curso de auga que os separaba, perfectamente atravesable para quen coñecese o sitio, figurábase máis grande e bravo cos dous. Como andas? Chancéase? Imos tirando. Que fas, Xan, ten conta da lingua. Mala cara tes. Túa nai debe estar a se retorcer na cova. Isto é demasiado. Xan ergueuse. Non lle faltes! O Besta nin se inmutara. Non lle falto. Ela quería o mellor para ti, e ti estás feito un cristo. Esa mala pécora seguro que trata con máis tino os trapos, no caso das súas poutas tocaren algún. Deu unha calada. Non tes dereito. Teño.

Silencio. A orquestra continuaba interpretando. Camiña, Xan, camiña. Non se daba movido. Notaba un peso no peito. Sóltao. Por que me dis todo isto? Son teu pai. Os recordos dérono en bombardear. Incompletos. Inconexos. Para. Respiraba con dificultade. Che, acouga. Ao Besta mudáralle a expresión. Eu daquela non a coñecía. Ti xa tiñas catro anos cando nós… Rasquexa. Entendo que me rexeites, porque cres que che roubei algo, pero o merdento ese non che ten que ser nada. Era un fillo do demo.

Un fillo do demo. Un fillo do demo. Xanciño, nunca sexas coma estes fillos do demo. Coma meu pai. Meu pai, o bebedor. Non era só bebedor. Era fillo do demo. El. Non o Besta. O Besta era Pedro. Pedro, quen o coidara. Pedro. Sempre Pedro. Sempre fora Pedro.

Ruído. A orquestra percibíase menos. Xan! Arredouse do transo. Pedro sostíñao polo brazo. Óesme? Si. Agora si.

Quen ía dicir que o malpocado e o Besta terminarían por sentar xuntos. Na mesma beira, de dúas. No mesmo río, de tres. Na mesma zona, de infindas. Ademais falando.

E tanto que falando! Onde vai que o puro se consumira. Os últimos vinte e oito anos degaxaran. Emporiso, non o facían dende o arrepentimento. As cousas non puideran ser doutra maneira, mais podían cambiar.

Nisto sacou Xan o pan. Queres? Xa ceei. Mentira. Traía unha fame que morría, pero había quen o necesitaba máis. Escorríchase todo. Todiño de vez. Que se os bechos, os miolos. Que se Pedro, a situación. E os pequechos? A durmir. E non son tan pequechos. Riron. Quedan ben sós? Para a mala pécora, como ti a chamas, non existen. Enxendrounos e pariunos. Punto. Eu non me fiaría. Non me fagas apedar. Dígocho de veras. Por que non vindes vivir comigo? Quedamos coa casa a María, a Milagres e mais eu. Bendita extrema unción! Boa revelación lle deu ao mesías, que Deus o teña espichado no inferno. A pregaria ía co sinal da cruz incluído.

O cura tampouco fora da devoción de Xan. No entanto, agora que entendía un chisco mellor a Pedro, era doado matinar que o seu tío estivera lonxe de ser un santiño de pau. Igualmente, tiña claro que lle non debía remexer en certos recordos. Hainos que queren soterrados. Xaora que si. Quen me dera que fose así de fácil. Éo. Pedro. Pénsao. Non che prometo nada. De o considerares, chégame. É tarde. Acompáñote á casa.

O camiño aparentaba ser outro con Pedro ao lado. Víao tan diferente en comparación co dunhas horas atrás, que lle custaba dar creto. Ata dubidaba se era por mor do resío, que trocara os cerellos, ou do propio Besta, que xa non o era. Poida que non sexa mala idea aceptar a súa oferta. Quieto. Que foi? Axiña Pedro lle tapou a boca, ao tempo de facer acenos de que escoitase. Sentíanse berros ao remate do vieiro, mais eran complexos de discernir. Merda. Están aquí.

Buliron a correr. Os nenos! Non van á procura deles! Non ían á nosa e mira! Case estamos! Vamos! Sshh! Pedro

puxou por Xan cara á maleza. Que che deu?! Que baixes a voz, hostia! Pero…! Prendido ou morto xa me dirás para que lles serves! Cala e atende!

As tropas do bando sublevado abandonaban o lugar con tres recrutas máis. O Pistón, o Canvello e o Patouro. O cuarto á mantenta o esqueceron. O Muiñeiro. Nin o seu derradeiro folgo conseguira deter as agresións. A familia laiábase. O pobo laiábase. A terra laiábase. O mar laiábase. O aire laiábase. O lume laiábase. Laiábanse todos. Incluso os vermiños. Todos menos eles. Os fillos do demo. Maldito sexa o paridoiro de coellos.

Emerxeu Xan do escondedoiro lanzado. Dina. Xosé. Dina. Xosé. Dina. Xosé. A porta da casa derrubárana. Non. Non. Non. Dina! Xosé! Papá! Papá! Estaban nunha esquina. Bagoaban. Meus pequenos! Bagoaba. Axeonllouse aos seus pés. Estades ben? Acariñáballes as facianas. Estades ben. Abrazábaos. Están ben. Arrolábaos. Síntoo moito. Síntoo moito. Síntoo moito! Apertábaos contra si. Xemía. Papá! Papá! Como xemían.

A batidas espertaran a nena e o neno. Dina, que pasa? Pum, pum, pum. Son moi fortes! Pum, pum, pum. Xan! Pum, pum. Abride a porta! Pum, pum, pum. Que carallo! Pum, pum. Os homes malos. Pum, pum, pum. Cando te colla! Pum, pum. Papá. Pum, pum. A gorida. Pum, pum. Xosé, á gorida! Pum, pum. Teño medo. Pum, pum. Papá vainos salvar. Pum, pum. Tranquilo. Pum! Asemade enmudeceran estrondo, verba e corazón.

Á esquerda de Xan alzábase o reloxo de parede, co dobre fondo descuberto. Simulaba unha morea de táboas podres mal postas. Construírao no mes de xullo do ano anterior, cando estalara a guerra, coa esperanza de o bautizar como humilde obxecto decorativo e non como defensa. Fitouno. A gorida. Acordáronse dela. Reparou neles. Tremían no seu colo. Meus pobres. Resultara. Grazas a Deus.

Namentres, Pedro asistía a veciñanza. Cago no cono, o Besta. Desgraciados. Saíu do mato con Xan. Miserables. Mira que desatender os fillos. Asasinos. Quen carravellos manda, merda lle acarrexan. Dona Charo. Polo Santísimo Rosario. Levante do chan, que non lle está a facer ningún favor á artrose. Hai que ser desvergoñado.

Palabras. Falan, falan, falan. Conxecturas. Xulgan, xulgan, xulgan. Relatos. Crean, crean, crean. Mentiras. Viles mentiras sedentas repetidas, producidas sen tregua por sucias bocas, dedos e maxíns.

Narciso. Pedro. Egoísta. Á querida nin lle cumpriu. A malquerida. Aburriuse. De seguro que a matou. Acoitelou. Con esa navalla, con esa navalla, o Besta choutaba na puta rachada!

Sísifo. Xan. Tentador. Ninguén lle mandou meterse. Amarrouno de marabilla. Non ía sabelo. Sabía, sabía. As tachas que penan con honra non pesan! Con honra non pesan as tachas que penan!

Dédalo. Pedro. Envexoso. Rápido o ata en curto. Rápido desaparece. Xogando con lume, queimarte ben podes! Xogando con lume, de pronto ata morres!

Eros. Xan. Vicioso. O da casa non lle fartaba. Para o que bota nela, pouco lle custou afacerse. Frega, malpocado! Téñente amestrado! Ti es o máis honrado! De día, derriba! De noite, debaixo! Como é que prefires? Co cu? Ou co rabo?

Avoa, que é iso? Abouxa o bulicio! Ignora o que braman, por Deus, miña nena! Aqueles covardes infestan arelas! Non si, Madalena? Marchares salvoute de ser testemuña de tanta laceira!

Pedro, o Besta. Xan, o malpocado. Confecciónanos ao seu xeito. Ao xeito dunha lingua invertebrada que se cre co dereito de vertebrar os tamén invertebrados. Abonda. Non son artificios literarios. Son seres humanos, ambos froito inmaturo da perversión, pero non perversos.

Veña, suxéitese en min. A muller desviou a ollada de seu fillo, convertido nunha masa aniñada e contrafeita, dando en cravar o reflexo da dor en Pedro. Desfixéronme. Coma a el. Ata a voz lle crebaran. Seino, mociña. E apreixouna.

Gústame velo así, sen careta. O único bo que nos emprestou a noite, Mila. Ardo coa carraxe, mamá. A cantos e cantas máis teñen que ameazar, levar, torturar, violar, asasinar? Inda vai nacer moita mala herba. Viches que subiron os rangos de idade? Novos monicreques cómprenlles. Que imos facer? Andarmos como a galiña cos ovos, como vimos facendo. Non semella ser suficiente. Na guerra nada o é. Esta guerra non tiña que ser nosa.

Parrulas, vou con Xan. Ven logo, que non pouco nos tes que contar. Se é con el e mais os meniños, mellor. Descoidade. Ese sorriso! Confío en que a sorte o imite. Confiemos.

Un, dous, tres. Un, dous, tres. Un, dous, tres. Un, dous, tres. Un, dous, tres. Un, dous, tres. A porta! Un, dous, tres. Un, dous, tres. Un, dous, tres. Xan. Dina. Xosé. Reloxo. Uf. Menos mal. Menos mal. Menos… Un, dous, tres. Foder.

Xan! Pum, pum. Sempre o malpocado. Que carallo! Pum, pum. Nin das sabas se desapegara. Cando te colla! Pum, pum. Adeus sabas. Que? Quen sodes? Pum, pum. Adeus roupa. Non! Parade! Non! Pum, pum. Adeus vida. Pum! De nada lle valera o colar. Acaso a morte fixo xustiza, Rosa? Pola man veu, mais non a prol dela.

Chora, Xanciño, chora. Manda esa carga, que non é túa. Que vai ser túa! Nunca máis será túa. Xa pasou. Xa pasou, meu ben. Ves que xa pasou? Estou aquí. Estou aquí! Papá está aquí. Abofé que hai veces en que a descrición sobra.

Cando a Candeloria chora, medio inverno vai fóra. Que chore, que deixe de chorar, metade do inverno está por pasar.

Esperanza permitiu as bagullas transitar pola súa face. A estancia vibraba. O público ovacionaba. Naia, autora e senlleira actriz, cumprimentaba. Bárbara. Estivera bárbara. E viva! En realidade, todas e todos o estaban. Sinuosa tarabela diexética. Que espelidas che nos son as pombas.

DIARIO DUN FUTURO PRESENTE

Sabela Morais Martínez

Segundo accésit

Día 1

~~Querido diario:~~
~~Queridos futuros lectores:~~
Prezados historiadores do futuro:

Son T200. Digo son e non chámome porque non teño nome propio. Descubrín hai pouco que antes de min xa houbo outras T200. Segundo escoitei, desapareceu un día a anterior e ao día seguinte xa estaba eu. Volvendo ao do nome, penso que o *t* é porque traballo no sector de tintura e o 200 é o número do meu posto. Non reparara niso ata hai varias semanas cando coñecín no comedor a B002. Xa vos falarei dela noutro momento. Non me vou estender moito porque só teño cinco horas e media para durmir e os minutos pasan, pero prometo escribir un pouco todas as noites. Mañá continúo. Só engadirei que decidín comezar a contar a miña historia porque descubrín o almacén de libros, un paraíso que nunca imaxinara.

Día 2

Prezados historiadores do futuro:

Onte quedaramos en que o xerme deste diario é o descubrimento do almacén de libros. Pois ben, para nós, os sen nome, está prohibido excepto que traballes nel. Só teñen acceso a el as persoas con nome propio, como os xefes e xefas, directores e directoras e outros responsables das distintas seccións e departamentos. É dicir, todos os que sentan nun despacho o día enteiro e só saen para

berrar e dar ordes cando algo non vai como debe ir, mellor dito, cando non vai como os señores e as señoras queren: que se imos demasiado á présa ou excesivamente lento, que se o ton da tintura non é exactamente o que pediran… Sempre son queixas e máis queixas. Volvendo ao tema, agora sei que ese lugar onde se gardan os libros chámase biblioteca. É impresionante, garda milleiros de historias reais e ficticias e coñecementos de multitude de temas diversos. Antes só lía os manuais de instrucións das máquinas que operamos cando algunha atranca, os códigos das tinturas, como #808080 ou #000080 (resulta que as cores teñen nomes, esas chámanse gris e azul, eu non o sabía), e os carteis que hai polas paredes: «Non se deteñan nos corredores», «Sérvese a comida por orde de chegada», «Silencio, hora de durmir»… Por certo, aí na biblioteca é onde traballa B002 prestando libros. Tamén é onde lin *O diario de Ana Frank* que me animou a empezar o meu.

Estase a facer tarde, vouno deixar por hoxe. Boas noites! Prometo continuar mañá.

Día 3

Prezados historiadores:

Perdoen que sexa tan directa ao escribirlles directamente a vostedes. A xente escribía diarios para si mesma, para desafogar ou para relembrar tempos pasados nun futuro. Ao menos iso foi o que me contou B002 cando me regalou este caderno. Xuro que non me dirixo a vostedes con afán de protagonismo. Lendo o *Diario de Ana Frank*, que xa mencionei o outro día, cheguei á conclusión de que falar do cotián, dun mesmo, da rutina pode informar sobre o contexto histórico no que se vive. Dise así, non? Contexto histórico? Se non está ben, síntoo, pero espero que de

todos os xeitos me entendan. O que quero dicir é que creo que iso pode serlles útil para reconstruír o pasado. Así que voulles contar do meu e logo recollan ou desboten o que queiran.

Déixoo aquí por hoxe. Boas noites! Mañá continúo.

Día 4

Queridos historiadores:

Hoxe ollei un libro nunha sección chamada «Psicoloxía» que falaba sobre a infancia. Cando o collín descoñecía a palabra, non sabía que era iso de ser nena. Para min os seres humanos non cambian co tempo. Non sei que é iso de facer anos, de ser pequena e xogar, aprender a camiñar, chamar por mamá e papá. Só lembro ser sempre así: 1,65 m de altura, cabelo negro, ollos marróns e falar… Non é que fale moito, non hai tempo, tan só o necesario para que o traballo en equipo funcione e, de cando en vez, ás escondidas no comedor onde tomamos o xantar e a cea. Porque como hai présa para empezar a traballar cedo, o almorzo non se toma alí, senón no corredor. Consiste nun café que sae dunha máquina e unhas galletas ou algo semellante ao chou que sae doutra. Facemos unha fila para ilo collendo un por un e ímolo tomando de camiño ao noso sector. Iso si, aínda que non podo falar moito, descubrín que o que falo se chama galego. Aprendino no almacén de libros, digo, perdón, biblioteca. Alí hai uns carteis enormes por áreas que poñen *inglés*, *francés*, *alemán* etc. B002 díxome que esas son as linguas nas que están escritos os textos e a única na que entendo o que poñen os libros é na que está escrito «galego». Eu non sabía que existía máis dunha, pero ela contoume que no mundo chegou a haber unhas 7000 pero que agora apenas quedan tan só 100 ou 200. Pregunteille por que,

encolleuse de ombros e non soubo dicirme que lles pasou. O que si, agora podo afirmar que o que falo chámase galego e segue vivo, falámolo nós.

Día 5

Amigos historiadores:

Creo que xa imos collendo confianza, así que voume permitir a licenza de dirixirme a vós de xeito máis directo, sen tantos formalismos. Perdoade se vos molesta, pero vou abandonar o vostedes.

Hoxe vouvos contar como conseguín entrar na biblioteca. Tanto falar do marabillosa que é e aínda non sabedes como cheguei a ela. Xa vos falei de B002 pero non sabedes como a coñecín e como me abriu as portas do fascinante mundo da palabra escrita, é tan amplo e tan diverso que adoro perderme nas súas páxinas.

Haberá 90 días (agora sei que iso equivale a tres meses e que o ano ten doce pero algúns contan cun día máis e febreiro unicamente posúe 28 ou 29 dependendo do ano) B002 e eu coincidimos na fila do comedor á hora do xantar. Temos vinte minutos para comer máis dez para ir ao baño. Ela decatouse de que eu me fixaba nos letreiros que están ao lado da comida. Ninguén facía iso, a ninguén lle importaba o que era ou como se chamaba cada prato, pois non había posibilidade de elixir o que che servían. O menú estaba pensado para ser saudable, equilibrado e que nos dese enerxía para aguantar todo o día de traballo. Está claro que a ninguén lle interesa ter traballadores enfermizos que non poidan facer os seus labores. Agora ben, as preferencias por uns sabores ou texturas non son relevantes, por iso non hai elección. Ademais, sería unha perda de tempo se cada un tivésemos oportunidade de decidir e houbese algún indeciso ou peor, máis dun. Comer

é só unha necesidade, non un divertimento. Polo menos así é como nos instrúen. A ver, ao que ía. B002 observou como lía os carteis cos nomes da comida mentres me servían e seguiume ata a mesa, sen chamar a atención ou iso espero. Cando estaba rematando o primeiro, faloume baixiño e case sen mirar para min, pois estannos sempre a vixiar. «Sabes o que estás comendo?» Eu quedei confusa. «Fálasme a min?», pregunteille. «Si, claro. Sabes ou non sabes?» Seria e confiada contesteille: «Seino, é unha sopa de cabaza.» Pareceu que case me sorría. «E sabes o que é unha cabaza?» Quedei calada pensando. Podía ler a palabra cabaza e transformar as letras en sons, iso sabemos todos aquí, pero nada máis. Non podía debuxar a imaxe dunha cabaza na miña mente. «Non», contesteille. Esta vez estaba claro que sorría pero timidamente para non levantar sospeitas dos vixilantes. Polo mesmo motivo tomei outra cullerada, pois tanto tempo sen meter nada na boca podería chamar a atención de quen non debía e meternos ás dúas en problemas. Cando iso sucedía, cando alguén se facía notar, desaparecía e non volvías saber dela ou volvía muda ou xorda, non sei cal das dúas ou se ambas. «Gustaríache saber o que é unha cabaza? Coñecer que aspecto ten?» Non o dubidei, non tardei nin un segundo en dicirlle que si. «Pois pola noite poderás descubrilo por ti mesma.» Quedei pampa. Rematamos de comer en silencio pero a miña cabeza non paraba de rumiar sobre o asunto. Que quería dicir? Como ía descubrilo eu? Ía ver unha cabaza de verdade sen estar feita puré? Pois non ía ser así exactamente.

Na cea buscoume e sentou onda min, fíxome un aceno cara abaixo da mesa, mirei con coidado e vin unha cousa rectangular, non moi grande. Era o suficientemente pequena para gardala dentro da bata e que non se notase. Pasouma por debaixo da mesa e gardeina dentro das roupas. No cuarto saqueina e lin en letras grandes: *Guía ilustrada de*

froitos e plantas da horta galega. Busquei o *c* para atopar «cabaza». Habíaas de diferentes tipos, redondeadas da cor das laranxas, alongadas da cor das acelgas ou dos limóns e moitas outras. Pasei a metade da noite ollando aquelas imaxes e puiden descubrir como era realmente aquilo que comía, que tiña nome pero ata aquel momento non tiña imaxe.

Estoume estendendo moito e xa case non vai quedar noite para durmir. Mañá continuarei no mesmo punto onde quedamos. Deséxovos boas noites!

Día 6

Amigos historiadores:

Tentarei continuar onde o deixara onte. Se estou no certo, falabamos das cabazas e do libro que me descubriu as súas formas e as súas cores. Pois ben, botei aquela noite enteira a ollalo, a pasar as páxinas, observar as imaxes meticulosamente para tentar memorizar todos os detalles e ler as breves descricións. Ao día seguinte devolvinllo a B002 por debaixo da mesa no xantar. Ela ficou cunha cara estraña e preguntoume: «Xa?» Eu asentín sen dicir nin unha palabra. Aquí estou outra vez sacrificando horas de sono, non para ler senón para escribir. Un pracer distinto pero igual de intenso. A partir de aquel día B002 tróuxome un libro cada noite ata que un día, despois da cea, arrastroume ao baño e fíxome calar tapándome a boca cunha man. «Shshsh. Imos á biblioteca a que escollas ti un libro, pero shshsh.» Cando todas as luces se apagaron e xa non se oían pasos nin ningún outro son, saímos con coidado sen facer ruído e levoume ao seu lugar de traballo. Como sabedes, xa escoitara falar do almacén de libros e pasara por diante algunha vez pero nunca entrara nel, estaba prohibido para nós. Descubrín un mundo cheo

de palabras escritas, imaxes, cheiro a vello e cheiro a novo. B002 levoume por un labirinto de estantes altísimos que chegaban case ao teito e eu non alcanzaba nin a metade da súa altura, pero había escaleiras móbiles para acadar a cima. Era todo un espectáculo, así lle chaman ao parecer, lino nun dicionario. Por certo, son moi útiles, proporciónanche o significado de palabras que les e non entendes. É que levei un prestado para poder descifrar os outros libros. Estou moi contenta con el, agora sei e podo usar moitas máis palabras. B002 deume unha copia da tarxeta de acceso, e unha ou dúas noites por semana apañaba algúns libros, varios se eran pequenos e fáciles de transportar e un só se era máis grande.

30/04/2100

Amigos historiadores:

Síntoo moito pero hoxe excedinme lendo e xa non teño nin cinco horas para durmir. Non vos contarei nada esta noite pero prometo non faltar á miña cita diaria. Mañá escríbovos sen falta e cóntovos todo o que queda pendente, especialmente por que a partir de agora poñerei datas.

01/05/2100

Amigos historiadores:

Resulta que hoxe é 1 de maio. Ata onte non sabía en que día vivía, nin tan sequera que os días tiñan nome ata que vin un libro sobre o calendario xuliano e o gregoriano. Ao parecer este último é o que se segue na nosa época e desde hai moito. Resulta que estamos nos inicios do século XXII. Concretamente, vivo no 2100 pero nin idea do ano en que

nacín. Sigo sen saber se o concepto de nacer, nacemento, se aplica tamén a nós ou non. Desculpade a digresión, xa volvo retomar a historia de onte. Estiven na procura dun calendario, quería ver un actual, dei voltas e voltas ao redor da biblioteca, deambulei entre as librarías segura de que tiña que haber algún. Despois, grazas a B002, coma sempre, atopei un. Estaba na entrada da biblioteca, non sei como non o vira antes. Tiña todos os días riscados ata o 30 de abril, así que supuxen que eran os que xa pasaran. Vin que o día seguinte era 1 de maio e tentei saber se tiña algo de especial. Buscando, buscando, atopei uns textos sobre o 1 de maio de 1978. Nun lugar chamado España, os traballadores encheran as rúas. Lendo máis, descubrín que se chamaba Día dos Traballadores. Recordábase os obreiros dun lugar chamado Chicago que hai máis de douscentos anos reclamaban traballar só oito horas ao día. Protestaron, fixeron folga (que ao parecer consiste en non traballar cando toca) e ben non deberon acabar… Por iso o 1 de maio é o Día dos Traballadores, pero non só aquí, senón en medio mundo. Aínda que nunca saín fóra destas catro paredes, vin nun mapamundi o grande que é a Terra (o nome do noso planeta, ao parecer, unha bóla enorme que flota ao redor do Sol). Así, hoxe decidín poñer a máquina a funcionar en modo automático sen supervisión e cruzarme de brazos. Saían os fíos das teas a través dos roletes para pasar pola tintura. Ás veces enléanse e hai que estar atentas para evitalo, a correcta colocación dos fíos é determinante. Por iso necesítannos a nós. As máquinas axudan e facilitan o traballo pero sen nós non sairía ben. Ao parecer entre a automatización e a robotización na industria, as persoas pensaban que non ían ter traballo do que vivir, pero séculos máis tarde, o traballo ocupa o día enteiro. Paciencia, xa recupero o punto no que estaba no meu relato. O de poñerme de brazos cruzados e sentarme a carón da máquina sen mirar

o que facía creo que foi mala idea… A señora con nome propio, dona Amalia Vitoria de Andrade, xefa da área de confección, mandoulle á supervisora do meu sector que me enviase directamente ao meu cuarto sen comida nin bebida. Non me deixaron nin chegar á hora do almorzo.

Non teño medo, pasará o que teña que pasar, non teño o control sobre o que me suceda. Non sei se poderei volver escribirvos mañá, nin se o farei algún outro día. Deixo hoxe escrita a data de mañá, non necesitades que volo explique…

Vou esconder este diario para que aínda que veñan a por min, non o atopen, porque está claro que a Historia merece ser contada.

02/05/2100

Día1

Querido diario:

Hai uns días atopei este caderno no meu cuarto. Eu non sei en que día vivo, así que empezarei polo un. Levo varias noites léndoo e semella que é da anterior T200. Eu tamén mido 1,65 m de altura, cabelo negro, ollos marróns e falo o xusto para non chamar a atención. Parecémonos bastante, imaxino, aínda que non teño unha fotografía para compararme con ela. Vou seguir co seu legado ou tentareino, polo menos. Como fixo ela, prometo escribirvos un pouco cada noite mentres me sexa posible. Boas noites! Escribireivos máis mañá.

tradución

DISCURSO NOBEL MARIE CURIE

Sonia Iglesias Cimadevila

Primeiro premio

Datos da obra:

Autora: Marie Curie
Título: «Conférence Nobel», *Les Prix Nobel*
Lingua de publicación: francés
Datos de publicación: Stockholm, Imprimerie Royale, P. A. Norstedt e Fils, 1912

Discurso Nobel
11 de decembro, 1911
por
M. Curie

Hai uns quince anos, Henri Becquerel descubriu a radiación emitida polo uranio e, dous anos despois, o estudo deste fenómeno estendeuse a outras substancias, primeiro por min, e posteriormente por Pierre Curie e mais eu mesma. Esta investigación conduciunos rapidamente ao descubrimento de novos elementos, cuxa radiación, aínda que semellante á do uranio, resultaba moito máis intensa. Denominei *radioactivos* a todos os elementos que emiten este tipo de radiacións, e a nova propiedade da materia que revelaba esta emisión recibiu o nome de *radioactividade*. Grazas a este descubrimento de novas substancias radioactivas moi potentes, especialmente o radio, o estudo da radioactividade avanzou cunha rapidez extraordinaria: os descubrimentos aconteceron un tras outro, e pronto resultou evidente que estabamos a asistir ao nacemento dunha nova ciencia. A Academia Sueca das Ciencias tivo a xenerosidade de recoñecer este fito concedéndolles o Premio Nobel de Física aos pioneiros neste campo: Henri Becquerel, Pierre Curie e Marie Curie (1903).

A partir de entón, son moitos os científicos que se dedicaron ao estudo da radioactividade. Permítanme lembrar especialmente un deles, cuxa agudeza de xuízo e ousadía nas súas hipóteses, xunto coas numerosas

investigacións realizadas por el e os seus discípulos, permitiron non só ampliar os nosos coñecementos, senón tamén organizalos de maneira clara; proporcionou unha columna vertebral á nova ciencia, en forma dunha teoría moi precisa e admirablemente adaptada ao estudo dos fenómenos. Compráceme lembrar que Rutherford viaxou a Estocolmo en 1908 para recibir o Premio Nobel como merecida recompensa polo seu traballo.

Lonxe de deterse, a evolución desta nova ciencia seguiu unha traxectoria constantemente ascendente. E agora, só 15 anos despois do descubrimento de Becquerel, atopámonos ante todo un mundo de novos fenómenos pertencentes a un campo que, aínda que estreitamente ligado aos campos da física e da química, está particularmente ben definido. Neste contexto, o papel do radio resultou decisivo dende o punto de vista das teorías xerais. A historia do seu descubrimento e illamento serviu como proba da miña hipótese de que *a radioactividade é unha propiedade atómica da materia e pode constituír un medio para a busca de novos elementos*. Esta hipótese foi a base das teorías actuais sobre a radioactividade, segundo as cales podemos predicir con seguridade a existencia duns 30 elementos novos que, en xeral, non poden ser illados nin caracterizados mediante métodos químicos. Ademais, supoñemos que estes elementos experimentan transformacións atómicas, e a proba máis directa a favor desta teoría é o feito experimental da formación do elemento definido quimicamente como helio, a partir do elemento definido quimicamente como *radio*.

Visto o tema desde este punto de vista, pode dicirse que a tarefa de illar o radio é a pedra angular sobre a que se sustenta a ciencia da radioactividade. Ademais, o radio continúa a ser a ferramenta máis útil e poderosa dos laboratorios de radioactividade. Creo que é por estas consideracións polo que a Academia Sueca das Ciencias

me fixo o grande honor de concederme o Premio Nobel da Química deste ano.

Correspóndeme, pois, presentarlles o radio en particular como un elemento químico novo, e deixar de lado a descrición dos numerosos fenómenos radioactivos que xa foron descritos nas Conferencias Nobel de H. Becquerel, P. Curie e E. Rutherford.

Antes de abordar o tema desta conferencia, gustaríame recordar que os descubrimentos do radio e do polonio foron realizados por Pierre Curie en colaboración comigo. Tamén estamos en débeda con Pierre Curie polos estudos fundamentais no campo da radioactividade, que levou a cabo tanto en solitario como en colaboración cos seus alumnos.

O traballo químico destinado a illar o radio en estado de sal puro e a caracterizalo como un novo elemento foi realizado especialmente por min, pero está intimamente relacionado co noso traballo en común. Así pois, creo interpretar correctamente a intención da Academia das Ciencias ao supoñer que a concesión desta alta distinción á miña persoa está motivada por este traballo conxunto e constitúe así unha homenaxe á memoria de Pierre Curie.

En primeiro lugar, gustaríame recordarlles que unha das propiedades más importantes dos elementos radioactivos é a de ionizar o aire nas súas proximidades (Becquerel). Cando se coloca un composto de uranio sobre unha placa metálica A situada fronte a outra placa B e se mantén unha diferenza de potencial entre as placas A e B, establécese unha corrente eléctrica entre estas placas; esta corrente pode medirse con precisión baixo condicións axeitadas e servirá como medida da actividade da substancia. A condutividade transmitida ao aire pode atribuírse á ionización producida polos raios emitidos polos compostos de uranio.

En 1897, utilizando este método de medida, emprendín un estudo da radiación dos compostos de uranio, e pronto estendín este estudo a outras substancias, co obxectivo de descubrir se se produce este tipo de radiación noutros elementos. Desta maneira achei que, dos demais elementos coñecidos, só os compostos de torio se comportan como os compostos de uranio.

Chamou a miña atención o feito de que a actividade dos compostos de uranio e torio parece ser *unha propiedade atómica do elemento uranio e do elemento torio*. Os compostos químicos e as mesturas que conteñen uranio e torio son máis activos canto maior sexa a proporción que conteñen destes metais. A actividade non se destrúe nin por cambios físicos de estado nin por transformacións químicas.

Medín a actividade dunha serie de minerais; todos os que parecen ser radioactivos conteñen sempre uranio ou torio. Pero observouse un feito inesperado: certos minerais (pechblenda, calcolita, autunita) tiñan unha actividade superior á que cabería esperar en función do seu contido en uranio ou torio. Por exemplo, certas pechblendas que conteñen un 75 % de óxido de uranio son unhas catro veces máis radioactivas que este óxido. A calcolita (fosfato cristalizado de cobre e uranio) é aproximadamente dúas veces máis radioactiva que o uranio. Isto entraba en conflito coas opinións que sostiñan que ningún mineral debía ser máis radioactivo que o uranio metálico. Para explicar este punto preparei calcolita sintética a partir de produtos puros, e obtiven cristais cuxa actividade era totalmente coherente co seu contido en uranio; esta actividade é aproximadamente a metade da do uranio.

Entón pensei que a maior actividade dos minerais naturais podería estar determinada pola presenza dunha pequena cantidade dun material altamente radioactivo, distinto do uranio, o torio e os elementos coñecidos na actualidade. Pensei ademais que, de ser así, podería extraer

esta substancia do mineral polos métodos ordinarios de análise química. Pierre Curie e mais eu emprendemos inmediatamente esta investigación, coa esperanza de que a proporción do novo elemento puidese acadar unha porcentaxe apreciable. En realidade, a proporción deste hipotético elemento foi moito máis baixa e precisáronse varios anos para demostrar de forma inequívoca que a pechblenda contén ao menos un material altamente radioactivo que constitúe un novo elemento no sentido que a química atribúe ao termo.

Isto levounos a crear un novo método de busca de novos elementos, un método baseado na radioactividade considerada como unha propiedade atómica da materia. Cada separación química vai seguida dunha medición da actividade dos produtos obtidos, e deste modo é posible determinar como se comporta a substancia activa desde o punto de vista químico. Este método comezouse a aplicar de forma xeneralizada e aseméllase nalgúns aspectos á análise espectral. Debido á gran variedade de radiacións emitidas, o método podería perfeccionarse e ampliarse de xeito que permita non só descubrir materiais radioactivos, senón tamén distinguilos entre si con certeza.

O emprego do método indicado permitiu descubrir que efectivamente era posible concentrar a actividade por métodos químicos. Atopamos que a pechblenda contén ao menos dous materiais radioactivos, un dos cales, acompañando o bismuto, recibiu o nome de *polonio*, mentres que o outro, emparellado co bario, denominouse *radio*.

Desde entón foron descubertos outros elementos radioactivos: actinio (Debierne), radiotorio e mesotorio (Hahn), ionio (Boltwood) etc.

Estabamos convencidos de que os materiais que descubriramos eran novos elementos químicos. Esta convicción baseábase unicamente na natureza atómica da radioacti-

vidade. Pero ao principio, desde o punto de vista químico, era como se as nosas substancias fosen unha bismuto puro e a outra bario puro. Era esencial demostrar que a propiedade radioactiva estaba vinculada a trazas de elementos que non eran nin bismuto nin bario. Para isto, foi necesario illar os elementos hipotéticos. No caso do radio, o illamento foi todo un éxito pero requiriu varios anos de esforzos incesantes. O radio na forma de sal puro é hoxe unha substancia cuxa fabricación xa se industrializou; con ningunha outra nova substancia radioactiva se obtiveron resultados tan definitivos.

Os minerais que conteñen radio están sendo obxecto dun estudo moi minucioso porque a presenza de radio confírelles un valor considerable. Son identificables mediante o método electrométrico, ou de forma moi sinxela pola impresión que producen nunha placa fotográfica. O mellor mineral de radio é a pechblenda de St. Joachimsthal (Austria), que se procesa desde hai moito tempo para obter sales de uranio. Tras a extracción destas últimas, o mineral deixa un residuo que contén radio e polonio. Este residuo serviunos xeralmente como materia prima.

O primeiro tratamento consiste en extraer o bario que contén o radio e o bismuto que contén o polonio. Este tratamento, que ao comezo se realizaba no laboratorio con varios quilogramos de materia prima (ata 20 kg), tivo que levarse a cabo despois nunha fábrica debido á necesidade de procesar miles de quilogramos. De feito, pouco a pouco, a experiencia ensinounos que o radio está contido na materia prima en proporción duns poucos decigramos por tonelada. Dunha tonelada de residuo extráense entre 10 e 20 kg de sulfato de bario cru que contén radio. A actividade destes sulfatos é aínda así de 30 a 60 veces maior que a do uranio. Estes sulfatos purifícanse e transfórmanse en cloruros. Na mestura de cloruros de bario e radio, o radio só está presente nunha proporción de aproximadamente

3 partes por 100 000. Na industria do radio en Francia emprégase con moita frecuencia un mineral de grao moito máis baixo e a proporción indicada é aínda moito menor. Para separar o radio do bario empreguei un método de cristalización fraccionada do cloruro (tamén pode utilizarse o bromuro). O sal de radio, menos soluble que o de bario, concéntrase nos cristais. O fraccionamento é unha operación longa e metódica que elimina gradualmente o bario. Para obter un sal moi puro tiven que realizar varias miles de cristalizacións. O progreso do fraccionamento contrólase mediante medicións de actividade.

A primeira confirmación da existencia do elemento radio foi proporcionada pola análise espectral. O espectro dun cloruro enriquecido por cristalización amosaba unha nova liña que Demarcay atribuíu ao novo elemento. A medida que a actividade se concentraba, a nova liña aumentaba en intensidade e aparecían outras liñas, ao mesmo tempo que o espectro do bario se facía menos pronunciado. Cando a pureza é moi elevada, o espectro do bario apenas é visible.

Determinei repetidamente o peso atómico medio do metal no sal sometido á análise espectral. O método empregado consistiu en determinar o contido de cloro en forma de cloruro de prata nunha cantidade coñecida do cloruro anhidro. Comprobei que este método dá moi bos resultados incluso con cantidades moi pequenas de material (de 0,1 a 0,5 g), sempre que se utilice unha balanza moi rápida para evitar a absorción de auga polo sal alcalino-térreo durante as pesadas. O peso atómico aumenta ao mesmo tempo que o espectro mostra un enriquecemento en radio. Os pesos atómicos obtidos sucesivamente foron 138; 146; 174; 225; 226,45. Este último peso atómico obtívose en 1907 con 0,4 g de sal de radio moi puro. Os resultados dunha serie de

determinacións son 226,62; 226,31; 226,42. Estes valores foron confirmados por experimentos máis recentes.

A preparación de sales de radio puros e a determinación do peso atómico do radio foron a proba definitiva de que o radio é un elemento novo e permitiron asignarlle un lugar específico a este elemento. O radio é o homólogo superior do bario na familia dos metais alcalino-térreos; introduciuse na táboa de Mendeleiev na columna correspondente, na fila que contén o uranio e o torio. O espectro do radio coñécese con gran precisión. Estes resultados tan claros sobre o radio convenceron os químicos e xustificaron o establecemento da nova ciencia das substancias radioactivas.

Dende o punto de vista químico, o radio difire pouco do bario; os sales destes dous elementos son isomorfos, aínda que os do radio adoitan ser menos solubles que os do bario. É moi interesante observar que a forte radioactividade do radio non implica anomalías químicas e que as propiedades químicas son efectivamente as que corresponden á posición indicada polo peso atómico na clasificación periódica dos elementos. A radioactividade do radio en sales sólidos é aproximadamente 5 millóns de veces superior que a dun peso igual de uranio. Debido a esta actividade, os seus sales son espontaneamente luminosos. Tamén quero recordar que o radio dá lugar a unha liberación continua de enerxía que pode medirse en forma de calor, sendo dunhas 118 calorías por gramo de radio por hora.

O radio foi illado en estado metálico (M. Curie e A. Debierne, 1910). O método empregado consistiu en destilar baixo hidróxeno moi puro a amálgama de radio obtida pola electrólise dunha solución de cloruro empregando un cátodo de mercurio. A operación realizouse cun só decigramo de sal e, polo tanto, presentáronse grandes dificultades. O metal obtido funde a uns 700 ºC, temperatura por riba da cal comeza a

volatilizarse. É moi inestable no aire e descompón a auga enerxicamente.

As propiedades radioactivas do metal son exactamente as que se poden prever asumindo que a radioactividade dos sales é unha propiedade atómica do radio que non se ve influenciada polo estado de combinación. A corroboración deste punto foi de verdadeira importancia, porque aqueles para os que a hipótese atómica da radioactividade aínda non era evidente expresaran dúbidas sobre este tema.

Aínda que ata agora o radio só se obtivo en cantidades moi pequenas, pódese dicir, en conclusión, que é un elemento químico perfectamente definido e ben estudado.

Desgraciadamente, non pode dicirse o mesmo do polonio, para o cal xa se dedicaron esforzos considerables. Isto débese a que a proporción de polonio no mineral é unhas 5000 veces máis pequena que a do radio.

Antes de que se dispuxese de datos teóricos a partir dos cales predicir esta proporción, levei a cabo varias operacións extremadamente laboriosas para concentrar o polonio e obter así produtos de moi alta actividade, pero sen poder obter resultados definidos como no caso do radio. A dificultade aumenta polo feito de que o polonio se desintegra espontaneamente, desaparecendo a metade nun período de 140 días. Agora sabemos que o radio tampouco ten unha vida infinita, mais a taxa de desaparición é moito menor (desaparece a metade en 2000 anos). Coas nosas instalacións é improbable que poidamos determinar o peso atómico do polonio porque a teoría prevé que un mineral rico só pode conter unhas centésimas de miligramo por tonelada, pero si podemos esperar observar o seu espectro. A operación de concentración do polonio, como sinalarei máis adiante, é, ademais, un problema de grande interese teórico.

Recentemente levei a cabo, en colaboración con Debierne, un tratamento de varias toneladas de residuos

de mineral de uranio, con vistas a preparar polonio. Este tratamento, realizado primeiro na fábrica e despois no laboratorio, proporcionou finalmente uns poucos miligramos de material aproximadamente 50 veces máis activo que un peso igual de radio puro. No espectro da substancia puideron observarse algunhas liñas novas que parecen atribuíbles ao polonio, das cales a máis importante ten a lonxitude de onda 4170,5 Å. Segundo a hipótese atómica da radioactividade, o espectro do polonio debería desaparecer ao mesmo tempo que a actividade e este feito pode confirmarse experimentalmente.

Ata agora considerei o radio e o polonio só como substancias químicas. Demostrei como a hipótese fundamental que afirma que a radioactividade é unha propiedade atómica da substancia conduciu ao descubrimento de novos elementos químicos. Agora describirei como o alcance desta hipótese se viu notablemente ampliado polas consideracións e os feitos experimentais que deron lugar ao establecemento da teoría das transformacións atómicas radioactivas.

O punto de partida desta teoría debe buscarse nas reflexións relativas á fonte de enerxía implicada nos fenómenos da radioactividade. Esta enerxía maniféstase en forma de raios que producen fenómenos térmicos, eléctricos e luminosos. Como a emisión se produce espontaneamente sen que se coñeza ningunha causa de excitación, formuláronse diversas hipóteses para explicar a liberación de enerxía. Unha das hipóteses que Pierre Curie e mais eu formulamos ao inicio da nosa investigación consistiu en asumir que a radiación é unha emisión de materia acompañada dunha perda de peso das substancias activas, e que a enerxía se toma da propia substancia cuxa evolución aínda non se completou e está sufrindo unha transformación atómica. Esta hipótese, que ao principio só podía enunciarse xunto a outras teorías igualmente

válidas, acadou unha importancia preponderante e acabou impoñéndose na nosa convicción debido a un conxunto de probas experimentais que a corroboran. Estas probas son principalmente as seguintes: existe unha serie de fenómenos radioactivos nos que a radioactividade parece estar ligada á materia nunha cantidade imponderable, non sendo a radiación permanente senón desaparecendo máis ou menos rapidamente co tempo. Trátase do polonio, as emanacións radioactivas e os depósitos de radioactividade inducida.

Ademais, en certos casos comprobouse que a radioactividade observada aumenta co tempo. Isto é o que acontece no caso do radio recentemente preparado, da emanación que se acaba de introducir no aparello de medición, do torio desprovisto de torio X etc.

Un estudo coidadoso destes fenómenos demostrou que se pode dar unha explicación xeral satisfactoria asumindo que cada vez que se observa unha diminución da radioactividade hai unha destrución de materia radioactiva, e que cada vez que se observa un aumento da actividade, hai unha produción de materia radioactiva. As radiacións que desaparecen e aparecen son, ademais, de natureza moi variada e admítese que calquera tipo de raios pode servir para caracterizar a substancia que é a súa fonte, e aparece e desaparece con ela.

Como a radioactividade é ademais unha propiedade esencialmente atómica, a produción ou a destrución dun tipo distinto de radioactividade corresponde coa produción ou a destrución de átomos dunha substancia radioactiva.

Por último, se asumimos que a enerxía radioactiva é un fenómeno que procede da transformación atómica, pódese deducir que toda substancia radioactiva experimenta a dita transformación, incluso cando nos parece invariable. A transformación neste caso é moi lenta e isto é o que acontece no caso do radio ou do uranio.

A teoría que acabo de resumir é o traballo de Rutherford e Soddy, que eles denominaron teoría da desintegración atómica. Aplicando esta teoría pódese concluír que unha substancia radioactiva primaria, como o radio, sofre unha serie de transmutacións atómicas mediante as cales o átomo de radio dá lugar a unha serie de átomos de peso cada vez menor, sen que se poida acadar ningún estado estable mentres o átomo formado sexa radioactivo. A estabilidade só pode lograrse na materia inactiva.

Desde este punto de vista, un dos logros máis brillantes da teoría consistiu en predicir que o gas helio, sempre presente nos minerais radioactivos, pode representar un dos produtos finais da evolución do radio, e que é en forma de raios alfa como se descargan os átomos de helio formados durante a desintegración dos átomos de radio. Agora ben, a produción de helio a partir do radio foi demostrada polos experimentos de Ramsay e Soddy, e hoxe en día xa non pode discutirse que o elemento químico perfectamente definido, o radio, dá lugar á formación doutro elemento igualmente definido: o helio. Ademais, as investigacións realizadas por Rutherford e os seus alumnos demostraron que as partículas alfa emitidas polo radio con carga eléctrica encóntranse tamén en forma de gas helio no espazo onde foron recollidas.

Debo sinalar aquí que a audaz interpretación da relación existente entre o radio e o helio baséase enteiramente na certeza de que o radio ten a mesma consideración de elemento químico que todos os demais elementos coñecidos, e que non pode considerarse como unha combinación molecular do helio con outro elemento. Isto amosa como foi de fundamental nestas circunstancias o traballo levado a cabo para demostrar a individualidade química do radio, e tamén pode verse de que maneira a hipótese da natureza atómica da radioactividade e a teoría das transformacións radioactivas conduciron ao descubrimento experimental

dun primeiro exemplo claramente establecido de transmutación atómica. Trátase dun feito cuxa importancia non pode obviarse e que, sen lugar a dúbidas, marca unha época desde o punto de vista dos químicos.

Numerosos estudos, guiados pola teoría das transformacións radioactivas, levaron á consideración duns 30 novos elementos radioactivos, clasificados en catro familias segundo a substancia primaria: estas familias son o uranio, o radio, o torio e o actinio. De feito, as familias de uranio e do radio poden combinarse, xa que parece demostrado que o radio é un derivado do uranio. Na familia do radio, o último corpo radioactivo coñecido é o polonio, cuxa produción a partir do radio é hoxe un feito probado. É probable que a familia do actinio estea relacionada coa do uranio.

Vimos que o gas helio é un dos produtos da desintegración do radio. Os átomos de helio despréndense dos de radio e os seus derivados durante a transformación. Suponse que tras a saída de catro átomos de helio, o átomo de radio dá un átomo de polonio; a saída dun quinto átomo de helio determina a formación dun corpo inactivo cuxo peso atómico se supón igual a 206 (20 unidades por debaixo do do radio). Segundo Rutherford, este elemento final non é máis que chumbo, e esta suposición está sendo sometida agora a verificación experimental no meu laboratorio. A produción de helio a partir do polonio foi demostrada directamente por Debierne.

A cantidade relativamente grande de polonio preparada por Curie e Debierne permitiu emprender un importante estudo. Este consiste en contar un gran número de partículas alfa emitidas polo polonio e en recoller e medir o volume de helio correspondente. Dado que cada partícula é un átomo de helio, áchase así o número de átomos de helio que ocupan un volume e teñen un peso dados. Polo tanto, pódese deducir, de forma xeral, o número de moléculas que

hai nunha molécula de gramo. Este número, denominado constante de Avogadro, reviste unha grande importancia. Os experimentos realizados con polonio proporcionaron un primeiro valor para este número, que concorda ben cos valores obtidos por outros métodos. A enumeración das partículas alfa realízase por un método electrométrico debido a Rutherford; este método perfeccionouse por medio dun dispositivo de rexistro fotográfico.

Investigacións recentes demostraron que o potasio e o rubidio emiten unha radiación moi débil, semellante á radiación beta do uranio e do radio. Aínda non sabemos se debemos considerar estas substancias como verdadeiros corpos radioactivos, é dicir, corpos en proceso de transformación.

Para rematar, gustaríame resaltar a natureza da nova química dos corpos radioactivos. Para extraer o radio do mineral, débense procesar toneladas de material. As cantidades de radio dispoñibles nun laboratorio son da orde dun miligramo ou, como máximo, dun gramo, cun valor de 400 000 francos por gramo. Moi a miúdo traballamos con materiais nos que non se puido detectar a presenza de radio mediante a balanza ou mesmo mediante o espectroscopio. Porén, dispoñemos de métodos de medición tan perfectos e sensibles que podemos saber con grande exactitude as pequenas cantidades de radio que empregamos. A análise radioactiva por métodos electrométricos permítenos calcular cunha precisión do 1 % a milésima de miligramo de radio e detectar a presenza de 10-10 gramos de radio diluídos nuns poucos gramos de material. Este método é o único que podería levar ao descubrimento do radio, dada a dilución desta substancia no mineral. A sensibilidade dos métodos é aínda máis sorprendente no caso da emanación do radio, que pode detectarse cando a cantidade presente acada, por exemplo, tan só os 10^{-10} mm^3. Como a actividade específica dunha

substancia é, no caso das radiacións análogas, case inversamente proporcional á súa vida media, dedúcese que se esta é moi curta a reacción radioactiva pode acadar unha sensibilidade sen precedentes. Actualmente tamén estamos acostumados a manipular no laboratorio substancias cuxa presenza só nos resulta evidente a través das súas propiedades radioactivas e que, porén, podemos medir, disolver, reprecipitar a partir das súas solucións e depositar por electrólise. Isto significa que nos atopamos ante un tipo de química moi particular, para o cal a ferramenta que empregamos actualmente é o electrómetro e non a balanza, e que ben poderiamos chamar facilmente a química do imponderable.

ÍNDICE

LIMIAR DO REITOR 5

POESÍA 13

Traes fendas nos meus figos
[Elena Pazos Linares] 15

Primeiro brote
[Susana Oliveira Hermo] 27

Canto
[Andrés Rivas Rodís] 71

RELATO CURTO 79

Pagar a morte
[Alba Guzmán Falcón] 81

A tarabela diexética (I)
[Niobe Alonso Iglesias] 95

Diario dun futuro presente
[Sabela Morais Martínez] 107

TRADUCIÓN 119

Discurso Nobel Marie Curie
[Sonia Iglesias Cimadevila] 121

POESÍA

Traes fendas nos meus figos
[Elena Pazos Linares]

Primeiro brote
[Susana Oliveira Hermo]

Canto
[Andrés Rivas Rodís]

RELATO CURTO

Pagar a morte
[Alba Guzmán Falcón]

A tarabela diexética (I)
[Niobe Alonso Iglesias]

Diario dun futuro presente
[Sabela Morais Martínez]

TRADUCIÓN

Discurso Nobel Marie Curie
[Sonia Iglesias Cimadevila]

1396110
ISBN 978-84-1110-730-3
9 788411 107303

XERAIS
Universidade de Vigo
XUNTA DE GALICIA